EFB1.1.1 Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	Proba
EFB1.1.2 Prepara e realiza quencementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas.	Proba Traballo
EFB1.2.1 Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a	Observación
EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, repectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	Rexistro
EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.	Rexistro
EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas	Rexistro
EFB1.3.2. Respecta o seu contorno e valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	Observación
EFB1.3.3. Analiza críticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	Cuestionario
EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.	Observación
EFB1.4.2. Describe os protocolos para activar os servicios de emerxencias e de protección do contorno	Observación
EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable	Observación
EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade(texto, presentación, imaxen, vídeo, son etc), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable	Traballos
EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos	Traballos

METODOLOXIA: En función dos aspectos ou actividades a desenvolver, buscando una progresiva autonomía por parte do alumno.

Os estilos de ensino centrarase sobre todo na organización de grupos e tarefas que os alumnos desenvolverán, así nas propostas de búsqueda que eles terán que fa

4.3.2. BLOQUE 2: Actividades físicas artístico-expresivas

4.3.2.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos e competencias

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS

3º ESO

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Comp.
B.2.1 Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.	EFB2.1.1 Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.		CCEC
	EFB2.1.2 Crea e pon en práctica una secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo.	2.1.2 Practicar actividades expresivas sinxelas en pequenos grupos ou individual, dándolles un matiz expresivo e adaptando, si é o caso, a execución á dos compañeiros.	CCEC
	EFB2.1.3 Colabora na realización de bailes e danzas	2.1.3 Colabora cos seus compañeiros/as na realización de bailes e danzas.	CCEC

4.3.2.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxectivos

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS

3º ES

Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporali	Obxe
<p>B2.1 Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.</p> <p>B2.2 Creatividad e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual e colectivo.</p> <p>B2.3 Realización de bailes e danzas de carácter recreativo popular</p>	<p>2.1.1.-Práctica de actividades encamiñadas ao dominio e o control corporal.</p> <p>2.1.2 Adaptación del movimiento al ritmo de la música.</p> <p>2.2.1-Elaboración e representación de composicións corporais con soporte musical.</p> <p>2.3.1.-Presentación das danzas do mundo. Visualización video</p> <p>2.3.2.-Audición da música da danza do mundo seleccionada en primeiro lugar. Aprendizaxe dos elementos coreográficos. Reproducción e Memorización da mesma .</p> <p>2.3.3 Audición da música da danza do mundo seleccionada en segundo e 3º lugar. Aprendizaxe dos elementos coreográficos. Reproducción e Memorización das mesmas</p>	<p>2.1.1.- 2º Trimestre</p> <p>2.1.2 – 2º Trimestre</p> <p>2.2.1- 3º Trimestre.</p> <p>2.3.1 3º Trimestre</p> <p>2.3.2 3º Trimestre</p> <p>2.3.3 3º Trimestre</p>	<p>n m b g l d o</p>
	<p>2.3.4.- Reproducción das danzas traballada o 2º e 3º día. Audición da música das danzas do mundo seleccionadas en 4º lugar. Aprendizaxe dos elementos coreográficos. Reproducción e Memorización das mesmas.</p>	<p>2.3.4-3º Trimestre</p>	
	<p>2.3.5.- Reproducción das danzas traballadas. Audición da música da danza do mundo seleccionada en 5º lugar. Aprendizaxe dos elementos coreográficos. Reproducción e Memorización das mesmas</p>	<p>2.3.4-3º Trimestre</p>	<p>N m b g l d o</p>
	<p>2.3.6.- Reproducción das tres ou 4 danzas aprendidas e grabación das mesmas</p> <p>2.3.7.- Baile galego</p>	<p>2.3.5-3º Trimestre</p>	

4.3.2.3. Estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e metodoloxía

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTISTICO-EXPRESIVAS

3º ES

Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB2.1.1 Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade	Observación
EFB2.1.2 Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado.	Rexistros
EFB2.1.3 Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e compañeiras.	Traballos prácticos
EFB2.1.4 Realiza improvisacións como medio de comunicación espontánea en parellas ou grupos.	Traballos prácticos
<p>Metodoloxía: A intervención docente debe ir dirixida a conseguir a máxima participación e implicación do alumnado na actividade. En xeral comenzaremos con estilos de enseñanza tradicionais como Mando directo e Asignación de tarefas , baseadas na técnica de enseñanza por Instrucción directa ou Reproducción de Modelos para os primeiros pasos e explicacións. Posteriormente avanzaremos hacia O Descubrimiento Guiado E Resolución de Problemas finalizando con estilos que promovan a creatividade</p>	

4.3.3. BLOQUE 3: Actividade física e saúde

4.3.3.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos e competencias

BLOQUE 3- Actividade física e saúde		3º ESO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Comp
<p>B.3.1.Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos básicos de control de intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación para a mellora da súa saúde</p>	<p>EFB3.1.1.Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.</p> <p>EFB3.1.2 Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde.</p> <p>EFB3.1.3 Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como a saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva.</p> <p>EFB3.1.4 Adapta a intensidade do esforzo físico utilizando para elo a súa frecuencia cardíaca e as sensacións de esforzo percibido.</p> <p>EFB.3.1.5 Aplica procedemento para a autoevaluar os factores da condición física</p> <p>EFB.3.1.6 Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando una actitude crítica fronte as prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.</p>	<p>EFB.3.1.3Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática e a saúde</p> <p>EFB.3.1.4 Utiliza as modificacións da frecuencia cardíaca e respiratoria como indicadores da intensidade do esforzo.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSC</p>
<p>B3.2 Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo</p>	<p>EFB3.2.1 Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</p> <p>EFB3.2.2Acada niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e as súas posibilidades.</p> <p>EFB3.2.3 Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</p> <p>EFB3.2.4 Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida</p>	<p>EFB3.2.1 Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos.</p> <p>EFB3.2.2 Acada niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e as súas posibilidades.</p> <p>EFB3.2.4Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física, e como influye esta práctica na mellora da calidade de vida</p>	<p>CAA</p> <p>CAA CSIEE</p> <p>CAA</p>

4.3.3.2. Contidos.actividades de aprendizaxe, temporalización e obxectivos

BLOQUE 3 ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE		3º ESO	
Contidos	Actividades de Aprendizaxe	Temp	Obx
<p>B3.1 Condición física. Factores que inciden. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo.</p> <p>B3.2 Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación.</p> <p>B3.3 Resposta do organismo ante a práctica de actividade física e adaptacións que se producen no mesmo como consecuencia dunha práctica física sistemática.</p> <p>B3.4 Adestramento: intensidade, volumen e densidade do esforzo e a súa relación cos sistemas metabólicos de obtención de enerxía.</p> <p>B3.5 Control do esforzo físico a través da frecuencia cardíaca e das sensacións subxetivas.</p> <p>B3.6 Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.</p> <p>B3.7 Elaboración e posta en práctica dun programa básico para a mellora da condición física saudable</p>	<p>3.1 Visualización dun vídeo sobre as capacidades físicas. As diversas capacidades solicitadas das distintas manifestacións físico-deportivas e artístico-expresivas</p> <p>3.2 Ver a incidencia que pode ter unha alimentación e hidratación adecuada en relación co exercicio físico e a saúde</p> <p>3.3 A resistencia aeróbica. Como melloralala. Carreira continua de longa duración e baixa intensidade, controlando mediante a frecuencia cardíaca e recordando o xa aprendido acerca do aparato cardiorespiratorio.</p> <p>3.4.1 A resistencia aeróbica. Potenciación da vía enerxética aeróbica. Método continuo controlando mediante a frecuencia cardíaca e recordando o xa aprendido</p> <p>3.5. A resistencia mixta. Utilización de actividades de carácter continuo variable. Vías enerxéticas aeróbica e anaeróbica láctica</p> <p>3.6. Utilización de procedementos de avaliación.</p> <p>3.7.1 Os fundamentos da forza: O aparato locomotor. O sistema óseo articular e o sistema muscular. O traballo de forza resistencia cos grandes grupos musculares.</p> <p>3.7.2 A velocidade de desprazamento. Actividades dirixas ao seu traballo.</p> <p>3.7.3 A flexibilidade. Métodos estáticos.</p> <p>3.7.4 A velocidade. Utilización de actividades de velocidade de reacción</p>	<p>1º Trimestre</p> <p>1º Trimestre</p> <p>1º Trimestre e 2º</p> <p>1º Triemestre</p> <p>1º trimestre</p> <p>1º e 2º trimestre</p> <p>1º trimestre</p>	<p>M f b g</p>
<p>B3.8 Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas ca saúde.</p> <p>B3.9 Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para melloralala.</p> <p>B3.10 Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas.</p> <p>B3.11 Técnicas básicas de respiración e relaxación.</p> <p>B3.12 Reflexión sobre os propios hábitos de vida e a repercusión dos mesmos.</p>	<p>3.8.1 Métodos para o traballo da resistencia: Continuos. Fraccionados</p> <p>3.8.2 Métodos para o traballo da velocidade de reacción: Saldas</p> <p>3.8.3. Métodos para o traballo da flexibilidade. Actividades de carácter dinámico activas e pasivas.</p> <p>3.8.4. Os sistemas fraccionados: Cicuito-training para traballar a forza-resistencia</p> <p>3.9. Realización de test.</p> <p>3.10 Aplicación da Ergonomía e a hixiene corporal nas prácticas físico deportivas</p> <p>3.11º O Traballo da respiración e a relaxación no ámbito das actividades ximnásticas e expresivas</p> <p>3.12 Posibilidade de xogar nos recreos.....</p>	<p>1º trimestre</p> <p>1 é 2º triemestre</p> <p>1º é 2º trimestre.</p> <p>Tódolos trimestres</p> <p>1º, 2º, 3 trimestre</p>	<p>m g f b</p>

4.3.3.3. Estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e metodoloxía

BLOQUE 3 ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE	3º ESO
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB3.1.1. Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico de portivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	Observación Cuestionario
EFB3.1.2 Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde.	Cuestionario Traballos
EFB3.1.3 Relaciona as adaptacións orgánicas coa actividade física sistemática, así como a saúde e os riscos e contraindicacións da práctica deportiva.	Cuestionario
EFB3.1.4 Adapta a intensidade do esforzo físico utilizando para elo a súa frecuencia cardíaca e as sensacións de esforzo percibido.	Proba Observación
EFB3.1.5 Aplica procedemento para a autoevaluar os factores da condición física	Proba
EFB3.1.6 Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando una actitude crítica fronte as prácticas que teñen efectos negativos para a saúde	Debate Cuestionario
EFB3.2.1 Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	Lista de control
EFB3.2.2 Alcanza niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e as súas posibilidades	Test
EFB3.2.3 Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	Observación
EFB3.2.4 Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	Cuestionario Debate
Metodoloxía: Trataremos de que as percepcións de sensacións e as conclusións que se tomen sexan a nivel individual. Falando de estilos de ensino aprendizaxe utilizaremos predominantemente o directivo.	

4.3.4. BLOQUE 4: Os xogos e as actividades deportivas

4.3.4.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos e competencias

BLOQUE. 4: Os Xogos e as actividades deportivas		3º ESO	
Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Mínimos	C.Cla
B4.1 Resolver situación motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas	EFB4.1.1 Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e as normas establecidas.	B4.1.1, B4.1.2 Coñece e emprega as habilidades específicas aprendidas en situación reais de práctica neste curso, respectando as regras e as normas establecidas.	CAA CSIEE
	EFB4.1.2 Autoevalúa a súa execución con respecto ao modelo técnico formulado		CAA CSIEE
	EFB4.1.3 Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos		CAA CSIEE
	EFB4.1.4 Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación.	B4.1.4 Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación.	CAA CSIEE
	EFB4.1.5 Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	B4.1.5 Utiliza as técnicas básicas das actividades no medio natural que se leven á práctica regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	
B4.2 Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición , utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes	EFB4.2.1 Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.		CAA CSIEE
	EFB4.2.2 Describe e pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición.	B4.2.2 Practicar en situación reais, xogos, deportes e xogos tradicionais, aplicando as regras, a técnica, e elaborando estratexias de ataque e defensa	CAA CSIEE

	EFB4.2.3 Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisión nas situacións facilitadas de Colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción	B4.2.3 ,B4.2.4 Resolve problemas de decisión xurdidos na realización de actividades deportivas utilizando habilidades específicas e avaliando o axuste de execución ó obxecto previsto	CAA CSIEE
	EFB4.2.4 Reflexiona sobre as situacións resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.		CAA CSIEE

4.3.4.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxetivos

BLOQUE 4- Os xogos e as Actividades deportivas		3º ESO		
Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempor	obxe	
B4.1 Execución e avaliación de habilidades motrices de xeito combinado vinculadas ás acción deportivas , respectando os regulamentos específicos	<p>1.Proyección video sobre o Atletismo:Características. As carreiras no atletismo.As carreiras de valas. Os relevos.</p> <p>2.Introducción as carreiras.Práctica de carreira con modificacións de amplitude e frecuencia.</p> <p>3.Práctica de actividades para a percepción do ritmo entre valas.</p> <p>4.Práctica do traballo da perna de ataque ó obstáculo e a acción da perna de impulso.</p> <p>5.Práctica con valas de altura progresivamente maior e saída dende abaixo.(tacos)</p> <p>6.Os relevos. Traballo da técnica do traspaso do testigo.</p> <p>7.Os relevos.Execución global dunha competición de relevos.</p> <p>8.-Realización dunha proba con valas.</p> <p>-----</p> <p>1- O acrosport :O traballo cooperativo: fases. Posta en acción.</p> <p>2.- O Tono e o control corporal en diferentes posicións. Os xiros sobre o eixo transversal. Volteos hacia diante e atrás enlazados con outros elementos básicos.</p> <p>3.- Execución de figuras con problemas de complexidade crecente en torno a número de apoios. Execución de figuras de acrosport por parellas</p> <p>4.- Execución de figuras de acrosport por trios.</p> <p>5.-Execución de elementos de acrosport por grupos de 5-6 persoas.</p> <p>-----</p> <p>1.-O Ultimate freesbee como deporte de equipo. Consideracións históricas e regulamentarias.</p> <p>2.-A técnica básica de manexo do freesbee: o agarre e o lanzamento de revés. A recepción.</p> <p>3.-Freesbee:Os pases a diferentes alturas. Pases a distancia.Pase a un compañeiro en movemento. Pases con efecto.</p> <p>4.-Freesbee:O pase de dereitas. As recepcións complexas.</p> <p>5.-El Beisboll: Introducción aos deportes colectivos de bate.Os lanzamentos, recepcións, bateo,Pisar bases,pasar</p> <p>-----</p> <p>1.- Carreiras de orientación: Adaptación e utilización de técnicas de adaptación ao medio natural e a seus recursos.</p> <p>2.-Carreiras de orientación:Representación gráfica dun plano utilizando a simboloxía correspondente.</p> <p>3.-Carreira de orientación no medio natural.</p>	<p>1º trimest</p> <p>e 2º trimestre</p> <p>-----</p> <p>2º e 3º trimestr</p> <p>-----</p> <p>3º trime</p> <p>-----</p> <p>1º trime</p> <p>Depende ndo da climatoloxía</p>	<p>a b g m</p>	
	B4.2 Execución de habilidades	1.- Análise dos deportes de equipo : situacións da		

<p>motrices técnico-tácticas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situación, respectando os regulamentos específicos.</p>	<p>acción de xogo comúns a todos eles.O balonmán 2.-Balonmán: A progresión sen oposición. As accións en superioridade numérica, espacial ou temporal. 3-Balonmán: Xogo de progresión 2x0, pases en movemento.O lanzamento á portería. A bloque de balón. Interceptacións do lanzamento a portería. 4.-Balonmán: Os desmarques. Traballo de táctica ofensiva individual sen balón. 5.-Balonmán:O xogo 2x1 e finalización cara á portería. Xogo 3x2 sen outra desvantaxe dos defensores. 6.- Balonmán: A Finta. Realización de coordinacións de accións técnicas para superar ao oponente. Xogo 3x3. 7.-Balonmán: Aprender os postos específicos. Explicación e posta en práctica da táctica colectiva ofensiva e defensiva do balonmán.Aplicación de situación parciais de sistemas. 8.-Situacións de complexidade perceptivo decisional crecente para incidir na capacidade táctica individual. 9.-Xogo global con aplicación das regras básicas. 10.-Xogo global con equipos mixtos con clasificación. 11.- Evaluación do xogo.</p> <p>-----</p> <p>1: Ultimate: A iniciación ó xogo 2x1 con progresión hacia unha meta. O xogo 3x2 con restriccións temporais no número de pases. 2.-Ultimate: O xogo do ultimate en sala 3x3. A aplicación do marcaxe e desmarque. A aplicación da técnica individual á acción táctica individual e colectiva. 3.-Ultimate: xogo global cas normas básicas. Equipos mixtos de 7x7. 4.-Ultimate: Valoración do xogo. Liga de clase 5.-Beisboll:Batear e correr a 1º base.Batear e correr a 1º e 2º base.Acción conxunta de receptores e lanzador. Táctica de carreira. 6.-Beisboll: Equipos.Conseguir 4 bases.Campo reducido.Reglas básicas.Ataque:bateo bo. Defensa: Distribución polo terreo de xogo. 7.- Beisboll: Xogo global por equipos mixtos. 8.-Beisboll: Liguilla de clase</p>	<p>Final 1º trime</p> <p>2º trime</p> <p>-----</p> <p>3º trime</p> <p>3º trimes</p>	<p>a b g m</p>
<p>B4.3 Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos</p>	<p>1.-Balonman: Xogos de aplicación de todo o aprendido.Os 10 pases modificando espaciaos etc.. O balón torre..etc. 2.-O Schutball xogo alternativo. Regulamento e xogo en tres campos o ancho.Descubrimiento da táctica para a obtención do éxito.</p> <p>-----</p> <p>1.-Xogos de cooperación grupal.Problemas grupais de resolución conxunta pre-acrosport.</p> <p>-----</p> <p>1.-Xogo dos 10 pases e outros xogos utilizando o freesbe .-----</p> <p>-----</p> <p>1.- Realización de xogos de orientación..-----</p> <p>-----</p> <p>1.-Xogos modificados de bate y carreira</p>	<p>Final 1º trimes</p> <p>-----</p> <p>2º trime</p> <p>-----</p> <p>Final 2º trime--- 1º trimes--- 3º trimes+</p>	<p>a b g m</p>

4.3.4.3. Estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e metodoloxía

Bloque 4. Os Xogos e as actividades deportivas	3º ESO
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB4.1.1 Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e as normas establecidas.	Cuestionario Proba
EFB4.1.2 Autoevalúa a súa execución con respecto ao modelo técnico formulado	Cuestionario Proba
EFB4.1.3 Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.	Proba Cuestionario
EFB4.1.4 Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.	Probas Registro
EFB4.1.5 Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose as variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	Registro Proba
EFB.4.2.1 Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.	Registro
EFB.4.2.2. Describe e pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas	Planilla
EFB.4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisión nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción	Registro Planilla
EFB.4.2.4 Reflexiona sobre a situación resolta valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.	Observación directa

5. UNIDADES DIDÁCTICAS PARA CADA CURSO DA ETAPA (1º, 2º e 3)

5.1. CURSO: 1º ESO

	1º ESO	Sesi3ns
1ª Avaliaci3n	Presentaci3n e sesi3ns introductorias “Da mi3a experiencia motriz 3s habilidades.O Atletismo” “Das habilidades b3sicas 3s espec3ficas”	2 10 12
2ª Avaliaci3n	“Da mi3a experiencia motriz 3s habilidades.O Atletismo” “Das habilidades b3sicas 3s espec3ficas” ”Imos xogar”	8 12 5
3ª Avaliaci3n	“Imos xogar” “Expr3some a trav3s dos obxetos” “Co3eozo o entorno do meu centro”	8 9 4

CONSIDERACIÓNS RELATIVAS Á SITUACIÓN ACTUAL DERIVADA DO COVID-19 PARA O 1º CICLO (1º A 3º DE ESO).

A causa da *Covid-19*, a materia de Educación Física atópase seriamente afectada, xa que a nosa esencia: a motricidade e a interacción física (“o corpo a corpo”) vese alterada. En base a elo, o Departamento ve necesario **modificar algún dos contidos plantexados no Decreto e desenvoltos con normalidade noutros anos. Estas modificacións adaptaranse a cada unha das Unidades Didácticas** programadas para o curso, segundo vaia cambiando ou non a situación sanitaria actual.

Polo xeral, neste singular curso a nosa intervención educativa enfocárase nos seguintes aspectos:

a) CONTIDOS DE ÍNDOLE CONCEPTUAL E PROCEDIMENTAL:

- En relación aos criterios de avaliación referidos a deportes colectivos (correspondentes ao Bloque 4 do Decreto 85/2015: *Os Xogos e as actividades deportivas*), os cales contan cunha lóxica interna que implica procesos de ataque e defensa con colaboración e/ou oposición (e por elo, con contacto próximo cos outros xogadores), incidirase nun traballo das habilidades técnicas individuais destas modalidades, observación de videos, resolución de problemas tácticos, aspectos de reglamento, etc. No caso do Hockey o uso dun implemento permitirá maior posibilidades para a súa ensinanza.

- Priorizaranse aspectos de condición física orientada á saúde (criterios de avaliación do Bloque 3) con actividades de vídeo, fotografía e con procesadores de texto. Para o seu traballo empregaranse estratexias de división de espazos: marcas no chan, zonas delimitadas, sitios fixos para cada alumno, emprego de circuitos, etc.

- As Unidades Didácticas centradas en habilidades e/ou deportes individuais manteranse sen modificacións significativas. Cómpre facer ás adaptación metodolóxicas apropiadas para garantir a seguridade: non compartir o material, manter a distancia en cada tarefa, adaptar tarefas grupais, etc.

- Se fomentarán os aspectos vinculados á expresión e á comunicación corporal (contados propios do Bloque 2: Actividades artístico-expresivas): deseño e grabación de coreografías coa distancia de seguridade, dramatización, traballo das emocións, etc. Adaptaránse as danzas tradicionais e “danzas do mundo” cuxa estrutura sea en parellas ou dados da mal.

- No relativo ás actividades no medio natural ou ao entorno próximo (saída á Alameda, Cidade da Cultura...) valorárase a realización de actividades complementarias fóra do centro sempre e cando as condición de seguridade o permitan, e segundo vaia evolucionando á situación sanitaria a partires do 2º trimestre.

b) CONTIDOS DE ÍNDOLE ACTITUDINAL:

- Neste curso resulta esencial desenvolver no alumnado aspectos que poidan axudarlles a sobrelevar mellor situacións de aislamiento: esforzo, dedicación, autoesixencia, tenacidade, paciencia, etc. Darase pé a que o alumno se comunique a maiores cos profesores a través das vías de comunicación que cada profesor determine (Aula Virtual, Correos, Blogs...).

- Cabe mencionar neste apartado e de cara á avaliación dos aprendizaxes, que neste curso é moi complicado integrar aspectos como a cooperación, respecto ó adversario, aceptación dos erros do compañeiro...dentro da calificación da materia.

A continuación se describen os estándares de aprendizaxe que poderán ser adaptados, ou valorados en menor medida na calificación, neste curso 2020-2021 no primeiro ciclo da ESO:

B4.2.1 Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.

B4.2.2. Describe e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición seleccionadas.

B4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.

B1.2.2 Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.

B1.2.3 Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.

1ª UNIDADE DIDÁCTICA:

”DA MIÑA EXPERIENCIA MOTRIZ ÁS HABILIDADES. O ATLETISMO”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

O alumnado de 1º ESO está nun estadio evolutivo no cal se están a consolidar as sinapsis, co que os parámetros de coordinación, tempo e espacio se configuran como os parámetros básicos, dende a percepción do corpo en relación ós mesmos, que delimitarán gran parte da eficiencia motriz do suxeito en sucesivas etapas. Para isto, convén o afianzamento das habilidades básicas, tratando de chegar ó máximo nivel de desenvolvemento do suxeito con respecto ás mesmas, non só perfeccionando a súa execución, senón mellorando os mecanismos perceptivos e decisionais que se precisan á hora de combinalas ou de actuar con un certo grao de incertidume.

O Atletismo e os Deportes de Equipo como deportes baseado nas habilidades básicas, será a mellor forma de comprender todos os contido desta unidade.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº1: DA MIÑA EXPERIENCIA MOTRIZ AS HABILIDADES.O ATLETISMO	CURSO: 1º ESO
TEMPORALIZACIÓN: •Do día 16 de setembro ó día 23 de outubro : 12 sesións •Do día 7 de marzo ó día 8 de abril : 8 sesións	
CONTIDOS	
<p>Fases de activación e de recuperación, e o seu significado coma hábito saudable na práctica da actividade física.</p> <p>Execución de xogos e actividades apropiadas para cada parte da sesión.</p> <p>Atención ó aseo persoal e ó uso axeitado da indumentaria.</p> <p>Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo primordialmente nas relacionadas coa saúde.</p> <p>Introducción ós principios sobre unha alimentación saudable.</p> <p>A frecuencia cardíaca e respiratoria coma indicadores do esforzo.</p> <p>Métodos básicos para o desenvolvemento das capacidades físicas dende un enfoque saudable.</p> <p>Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta.</p> <p>Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá.</p> <p>Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.</p>	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
<p>Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta.</p> <p>Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control de intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.</p> <p>Desenvolver as capacidades físicas máis salientables dende a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da súa saúde, amosando unha actitude de autoesixencia no seu esforzo.</p> <p>Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas físico-deportivas adaptadas propostas.</p>	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
<p>Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</p> <p>Prepara e realiza quencementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que vanse realizar, seguindo as orientacións dadas.</p> <p>Respeita os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física.</p> <p>Recoñece a actividade física coma un hábito beneficioso para a saúde.</p> <p>Identifica as capacidades físicas básicas en distintos tipos de actividade física e explica algunha das características destas.</p> <p>Coñece pautas básicas de correcta alimentación valorando a súa influencia nunha axeitada calidade de vida.</p> <p>Utiliza a frecuencia cardíaca para controlar a intensidade do seu esforzo na práctica da actividade física.</p> <p>Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas dende un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</p>	

<p>Acada niveis de condición física saudable acordes ao seu intre de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</p> <p>Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas coma medio de prevención de lesions.</p> <p>Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis simples, respetando as regras e as normas establecidas.</p>		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Observación directa. Probas prácticas. Cuestionarios.	COMPETENCIAS Competencia social e cívica. Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía. Competencia aprender a aprender. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	METODOLOXÍA Mando directo. Asíñación de tarefas. Resolución de problemas. Organización individual. Organización grupo reducido. Organización gran grupo.
RECURSOS: Balóns. Cordas. Conos. Canastas. Porterías. Vallas. Bancos suecos. Colchonetas. Quitamedos.		

TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº1	TÍTULO: DA MIÑA EXPERIENCIA MOTRIZ ÁS HABILIDADES.
Sesión 1.2.	Descrición básica dos contidos por sesión
Sesión 3	Os desprazamentos en equilibrio e velocidade: circuitos e xogos de carreiras seguindo as liñas, seguindo cordas, aros, bancos suecos...
Sesión 4	Os desprazamentos en diferentes accións: rodando, hacia atrás, entre dous, co apoio de diferentes segmentos corporais... Xogos de persecución, carreiras de relevos, xogos de cooperación de todo o grupo utilizando estes tipos de desprazamentos. Xogos de relevos.
Sesión 5	Os cambios de nivel: a reptación, a cuadrupedia, as cuclillas... ata a carreira de obstáculos. Combinación de distintos tipos de desprazamentos con saltos en altura e lonxitude. Os saltos no atletismo
Sesión 6	Xiros sobre os tres eixos. Explicación teórica dos fundamentos das habilidades básicas e das habilidades específicas.
Sesión 7	Os lanzamentos e as recepcións: introducción ós malabares.
Sesión 8	Introducción ós malabares. Malabares por parellas
Sesión 9	Lanzamentos e recepcións de distintos móbiles (balóns, bolas, freesbees..) en distintas situacións de complexidade crecente.
Sesión 10	Coordinación dinámica xeral. Coordinacións de carreiras, saltos e xiros.

Sesión 11	O equilibrio: da cuadrupedia ao apoio invertido.
Sesión 12	O equilibrio nas carreiras, saltos e xiros.
Sesión 13	O equilibrio e os lanzamentos. Os diferentes lanzamentos en atletismo.
Sesión 14	Avaliación de habilidades ximnásticas enlazadas.
Sesión 15	A forza como factor de execución. Utilización de desprazamentos e saltos para o seu desenvolvemento.
Sesión 16	A resistencia como factor de execución. Realización de circuitos de obstáculos.
Sesión 17	A velocidade como factor de execución. Toma de conciencia das velocidades e regularidade da carreira.
Sesión 18	A forza e os lanzamentos.
Sesión 19	Avaliación.

2ª UNIDADE DIDÁCTICA:

DAS HABILIDADES BÁSICAS ÁS ESPECÍFICAS

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Os deportes de equipo constitúense nun contido que, debido á implicación de grande cantidade de capacidades humanas (físicomotrices, psicomotrices, sociomotrices, afectivomotrices, cognoscitivomotrices) adquire enorme importancia no desenvolvemento motor dos alumnos. Pero a complexidade no seu ensino fai que en moitas ocasións se limite a súa capacidade educativa á adquisición de parámetros técnicos e, en raras ocasións, tácticos. Aquí trataremos de ofrecer unha visión innovadora da metodoloxía de ensino dos deportes de equipo, se ben somos conscientes de que é un proceso longo, que trataremos de continuar e complementar ó longo de toda a E.S.O.

UNIDADE DIDÁCTICA 2ª :DAS HABILIDADES BÁSICAS ÁS HABILIDADES ESPECÍFICAS	Curso: 1ºESO
TEMPORALIZACIÓN: Do día 26 de outubro ó día 11 de decembro : 12 sesións Do día 11 de abril ó día 20 de maio : 12 sesións	
CONTIDOS Respeto e aceptación das regras nas actividades, os xogos e os deportes practicados. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, coma fenómeno social e cultural. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara a súa millora. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respetando os regulamentos específicos. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas simples vinculadas aos deportes colectivos, respetando os regulamentos específicos. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	

Recoñece as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas coma formas de inclusión social e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.

Resolver situacións individuais simples aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.

Resolver situacións simples de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante coma no de espectador.

Colabora nas actividades grupais, respetando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para o logro dos obxectivos.

Respeta ás demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.

Aplica os aspectos básicos e das habilidades específicas adaptadas mais simples, respetando as regras e as normas establecidas.

Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis simples.

Millora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de inicio, amosando actitudes de esforzo e de superación axeitado á súa idade.

Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter ventaxa na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas respetando o regulamento.

Discrimina os estímulos que compre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e de colaboración-oposición, para obter ventaxa ou cumprir o obxectivo da acción.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación directa.
Probas prácticas.
Traballos colaborativos

COMPETENCIAS

Competencia social e cívica.
Competencia aprender a aprender.
Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

METODOLOXÍA

Mando directo.
Asiñación de tarefas.
Resolución de problemas.
Organización individual.
Organización grupo reducido.
Organización gran grupo.

RECURSOS: Balóns. Cordas. Conos. Canastas. Porterías. Vallas. Bancos suecos. Colchonetas. Quitamedos.

TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAX

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

A unidade didáctica atópase subdividida en seis situacións didácticas ben diferenciadas. Cada unha delas xira en torno a un contido organizador.

Os contidos organizadores son:

- 1.-Os pases, recepcións, lanzamentos e interceptacións.(4 Sesións)
- 2.-Os botes,os impactos,os golpes e as paradas.(4 Sesións)
- 3.-As manipulacións e conducións para progresar.(4 Sesións)
- 4.- Resolucións de problemas xurdidos en situacións 2x2(3 Sesións).
- 5.-Resolucións de problemas xurdidos en situacións de xogos deportivos de cooperación-oposición.(4 Sesións).
- 6.-Resolucións de problemas xurdidos no xogo real con aplicación de regras básicas o con modificaciónse adaptacións do regulamento.(5 Sesións).

U.D. nº 2	TÍTULO:DAS HABILIDADES BÁSICAS ÁS HABILIDADES ESPECÍFICAS.
Sesión	Descrición básica dos contidos por sesión.
Sesión 1	Os deportes de equipo: elementos comúns. Móvil, compañeiros, adversarios, espazo, tempo, regulamento. As habilidades comúns a tódolos deportes de equipo: manexo e control do móvil, desprazamento e progresión, marcaxe e desmarque, pase, lanzamento, posicións básicas... Iniciación mediante xogos predeportivos, rondos, 10 pases, 2x1... explicacións da universalidade das situacións para todos os deportes de equipo.
Sesión 2	Control, adaptación, manexo e progresión co móvil.
Sesión 3	Pase ,recepción, e interceptación do balón. Aplicación ao baloncesto e balonmán.
Sesión 4	Pase ,recepción, e interceptación do balón. Aplicación ao fútbol.
Sesión 5	Os botes nos deportes colectivos. Aplicación ao baloncesto e balonmán.
Sesión 6	Os impactos e os golpes.Aplicación a voleibol.
Sesión 7	Os impactos e os golperos. Aplicación a fútbol.
Sesión 8	As paradas. Aplicación a fútbol e balonmán.
Sesión 9	Manipulacións de móbiles. Baloncesto e balonmán.
Sesión 10	A condución do balón. Fútbol e hóckey
Sesión 11	Aplicación das conducións e manipulacións aos catro deportes
Sesión 12	Aplicación do xogo 2x2 nos catro deportes.
Sesión 13	Resolucións de problemas xurdidos en situacións xogadas de cooperación-oposición.Aplicación ao baloncesto e balonmán.
Sesión 14	Resolucións de problemas xurdidos en situacións xogadas de cooperación-oposición.Aplicación ao fútbol e voleibol.
Sesión 15	Resolución de problemas xurdidos en situacións de xogos reglamentados próximos ao balonmano

Sesión 16	Resolucións de problemas xurdidos en situacións xogadas de cooperación-oposición ao voleibol
Sesión 17	Resolucións de problemas xurdidos en situacións xogadas de cooperación-oposición ao fútbol
Sesión 18	Resolucións de problemas xurdidos en situacións xogadas de cooperación-oposición ao baloncesto
Sesión 19	Resolución de problemas xurdidos en situacións de juego de voleibol, practicado con alguna modificación.
Sesión 20	Resolución de problemas xurdidos en situacións de juego de voleibol, practicado con alguna modificación.
Sesión 21	Resolución de problemas xurdidos en situacións de juego de voleibol, practicado con alguna modificación.
Sesión 22	Resolución de problemas xurdidos en situacións de juego de baloncesto, practicado con alguna modificación.
Sesión 23	Resolución de problemas xurdidos en situacións de juego de balonmán, practicado con alguna modificación.
Sesión 24	Resolución de problemas xurdidos en situacións de juego de fútbol, practicado con alguna modificación.

3ª UNIDADE DIDÁCTICA: ¡IMOS XOGAR!

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

O xogo no medio cotián constitúese, nunha época na que as persoas desta idade non fan actividade física habitualmente, na forma mais asequible de asegurar, si se converte nun hábito, unha relación interpersoal coas xentes do entorno (de idades semellantes), así como favorecer unha práctica, se non sistemática, sí habitual dentro do horario de actividades de lecer dos alumnos.

Os xogos con música son un elemento favorecedor de outros valores como desinhibición, participación en actividades non habituais e poñer en xogo outro tipo de relación social de desenvolvemento psico e sociomotor. Os xogos tradicionais da comunidade poden servir para descubrir nos alumnos o valor das tradicións que permanecen no tempo.

UNIDADE DIDÁCTICA 3º : IMOS XOGAR		CURSO:1ºESO
TEMPORALIZACIÓN: Do día 11 de decembro ó día 15 de xaneiro : 5 sesións Do día 23 de maio ó día 17 de xuño : 8 sesións		
CONTIDOS .Actividades físicas coma base dos estilos de vida saudable. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural e a súa aplicación en diferentes ámbitos.		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN Controlar as dificultades e os riscos ó longo da súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas das actividades físico-deportivas adaptadas propostas. Resolver situación motoras simples de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.		
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para un mesmo ou para os demais. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do seu entorno. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas mais simples, respetando as regras e as normas establecidas. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e de superación axeitadas á súa idade. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Cuestionarios. Probas prácticas. Traballos colaborativos. Observación indirecta.	COMPETENCIAS Competencia social e cívica. Competencia aprender a aprender. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	METODOLOXÍA Estratexia global Estratexia analítica Organización individual. Organización grupo reducido. Organización gran grupo.
RECURSOS: Espaldeiras. Caixóns do plinto. Redes . Porterías. Planos. Brúxulas. Balóns. Conos. Compases. Escalímetros. Reglas. Follas de control.		

TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAX

E.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 3	¡ IMOS XOGAR ¡
Sesión 1	Presentación da unidade didáctica
Sesión 2	O medio como instalación para o xogo. Experimentación de xogos populares (polis e cacos, o marro, as agachadas, o pano...) en distintos lugares que o medio permite (campos de deportes do recinto escolar, zonas boscosas, campos...). Explicación da importancia da explotación e coidado do medio no que vivimos, así como fincapé nas principais características do mesmo no noso concello.
Sesión 3	Xogar á pilla, carreiras de relevos e con obstáculos naturais... Xogos de carreiras e cancións en círculo. Xogos de gato e rato con variantes.
Sesión 4	Xogos de forza. Tiro de corda por grupos (2x2, 5x5, 10x10...) e individual. Pulso xitano. Carreiras e loitas de cabalos. Utilizar un lugar de herba ou céspede. Construcións humanas.
Sesión 5	Xogos de habilidade. A estornela ou billarda. A mariola. As bolas (canicas). As tabas.
Sesión 6	As carreiras de pistas e de orientación. Facer un circuito con pistas e claves, de xeito que os alumnos teñan que ir descifrando acertixos simples para atopar a seguinte pista, ó longo dun circuito nos lugares próximos ó colexio, utilizando para elo todas as posibilidades do recinto escolar e os lugares próximos (prados, río, bosques, aldeas...).
Sesión 7	Os deportes no medio cotián. A adaptación do espacio. Practicar os deportes que mais lles gustan nos lugares que inicialmente non están habilitados para elo. Xogar ó volei nun prado, ó hockey nun lugar arbolado, ó fútbol (3x3) nunha explanada, ó rugby nunha costa...
Sesión 8	Xogos con cancións. Utilizar as cancións habituais (un austriaco na montaña, o minué, no se lo que me pasa, conga conga...) para facer xogos motores.
Sesións 9,10,11,12	Realización dos xogos propostos polos alumnos como resultado da súa investigación. Avaliación.

4º UNIDADE DIDÁCTICA:**EXPRÉROME A TRAVÉS DOS OBXETOS****INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.**

A expresividade corporal como medio de transmisión de información adquire gran importancia, non só como expresión artística, senón como facilitador por unha parte da mellor comprensión de mensaxes entre persoas, e por outra da desinhibición necesaria para transmitir información a outros. Ademais, contéplase como un autoconhecimento

importante, adquisición de conciencia do propio corpo en tódalas súas partes e posibilidades, así como o corpo dos demais. A través dos obxectos o alumno é capaz de confrontar a súa imaxe real e é capaz de actuar no espazo. Buscase que o alumno continúe a súa formación e busque a función estética comunicativa do seu corpo.

UNIDADE DIDÁCTICA 4º : EXPRÉSOME A TRAVÉS DOS OBXECTOS		
CURSO:1ºESO		
TEMPORALIZACIÓN: Do día 18 de xaneiro ó día 19 de febreiro : 9 sesións		
f g m	<p>B4.4. Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural.</p> <p>B4.5. Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural.</p> <p>B4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural.</p>	B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.	<p>EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.</p> <p>EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.</p> <p>EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.</p>	CSC CMCCT

6.1.4.2. Contidos, actividades de aprendizaxe e competencias

BLOQUE 4 Os xogos e as actividades deportivas		4º ESO	
Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempor	Obx
B4.1. Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica	-Análise do Voleibol Manexo, adaptación e control do movíl, pases, recepcións, lanzamentos, remates de voleibol. -Saques -Regulamento do Voleibol. -Habilidades ximnásticas: Utilización de diversas superficies de apoio e recoñecemento das zonas do soporte do corpo. -Utilización de movementos en todos os planos e eixos do movemento A indiaca: os deportes alternativos.Fundamentos técnicos	2º Trimes 1º e 2º trimest 3º Trim.	a b g m
B4.2. Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.	-O xogo 1x1 en Voleibol.- O xogo 2x2.-O xogo 3x3 -Sistemas defensivos 3:1:3 en voleibol. Sistema defensivo básico -Xogo 4x4. -Xogo 6x6 en voleibol -A indiaca: situación 1x1, 2x2, -Utilización de estratexias básicas de xogo na Indiaca	2º Trim 3º Trim	a b c d g m
B4.3. Coñecemento e práctica de xogos e de deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento. Procura de información sobre variacións locais	- Xogos tradicionais O populares - Outras modalidades de xogos populares	1º ou 2º según	
B4.4. Relación entre a actividade física, a saúde e o medio natural. B4.5. Toma de conciencia do impacto que teñen algunhas actividades físico-deportivas no medio natural. B4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural.	-Concienciación da boa utilización do tempo de lecer e o aproveitamento dos espazos naturais.Os beneficios do contacto ca natureza . -Recoñecemento dos recorridos naturais utilizando o mapa. -insistir no respecto e coidado do entorno durante as prácticas -Talonamento dos pasos en 50 mt. Xogos de orientación -Xogos de orientación na cidade	3º trimes	f g m

6.1.4.3. Estándares de aprendizaxe, mínimos, instrumentos de avaliación e métodos

BLOQUE 4	Os xogos e as actividades deportivas	4º ESO
Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Instrumentos
EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.	Utiliza e executa as técnicas adecuadas básicas das actividades individuais: Xogos populares, actividades ximnásticas, actividades atléticas.	Rexistro
EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.	Coordina as accións propias coas do equipo e sitúase correctamente no terreo de xogo en accións de ataque e defensa	Observación Rexistro
EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	Ten en conta a seguridade persoal e colectiva durante a realización das actividades físico-deportivas os xogos.	Observación
EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.		Rexistro
EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.		Rexistro
EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.	E capaz de desenvolverse nas situacións de xogo de 1x1, 2x2, 3x3, 4x4, 6x6 con un mínimo de continuidade e aplicando os conceptos básicos en ataque e defensa.	Rexistro Planilla
EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.		Rexistro Observación
EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e reconece os procesos que están implicados nelas.		Observación
EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.		
EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.		Traballos
EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.		Traballos
EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	Comportase respectuosamente co medio natural	Observación
<p>METODOLOXÍA: a metodoloxía de ensino aprendizaxe dos xogos e deportes de colaboración-oposición vén sendo un tema de grande complexidade, e aínda é hoxe o día no que é necesario un grande dominio do tema para ir cambeando, mesmo dentro dunha mesma sesión, de estilo de ensino, de tipos de tarefas, de organización da clase... para acadar bos resultados.</p>		

7. UNIDADES DIDÁCTICAS 2º CICLO DA ESO (4º CURSO

)

	4º CURSO	Sesiões
1ª Avaliación	Presentación “Melloro as miñas capacidades físicas” “Os xogos tradicionais da zona”	2 16 4
2ª Avaliación	“ Xogamos ao voleibol” “Meu corpo e o equilibrio”	16 8
3ª Avaliación	“A danza aeróbica” “A indíaca un deporte alternativo de adversario” “O mapa e o compás en orientación”	8 8 4

CONSIDERACIÓNS RELATIVAS Á SITUACIÓN ACTUAL DERIVADA DO COVID-19 PARA O 2º CICLO (4º DE ESO).

A causa da *Covid-19*, a materia de Educación Física atópase seriamente afectada, xa que a nosa esencia: a motricidade e a interacción física (“o corpo a corpo”) vese alterada. En base a elo, o Departamento ve necesario **modificar algún dos contidos plantexados no Decreto e desenvoltos con normalidade noutros anos. Estas modificacións adaptaranse a cada unha das Unidades Didácticas** programadas para o curso, segundo vaia cambiando ou non a situación sanitaria actual. Polo xeral, neste singular curso a nosa intervención educativa enfocárase nos seguintes aspectos:

c) CONTIDOS DE ÍNDOLE CONCEPTUAL E PROCEDIMENTAL:

- En relación aos criterios de avaliación referidos a deportes colectivos (correspondentes ao Bloque 4 do Decreto 85/2015: *Os Xogos e as actividades deportivas*), os cales contan cunha lóxica interna que implica procesos de ataque e defensa con colaboración e/ou oposición (e por elo, con contacto próximo cos outros

xogadores), incidirase nun traballo das habilidades técnicas individuais destas modalidades, observación de vídeos, resolución de problemas tácticos, aspectos de reglamento, etc. No caso do Hockey o uso dun implemento permitirá maior posibilidades para a súa ensinanza.

- Traballarase as capacidades físicas durante o primeiro trimestre a través de actividades individuais e sen uso de material coma rutinas, *HIITS*, *tábatas*, circuitos... dada a importancia de evitar o sedentarismo no alumnado, e coa intención de paliar os efectos nocivos para forma física do confinamento. Priorizaranse aspectos de condición física orientada á saúde (criterios de avaliación do Bloque 3) con actividades de vídeo, fotografía e con procesadores de texto. Para o seu traballo empregaranse estratexias de división de espazos: marcas no chan, zonas delimitadas, sitios fixos para cada alumno.

- A madurez do alumnado permitirá facer reflexións escritas acerca de aspectos éticos do deporte e hábitos saudables.

-As Unidades Didácticas centradas en habilidades e/ou deportes individuais coma danza aeróbica ou xogos tradicionais , manteranse sen modificacións significativas. Cómpre facer ás adaptación metodolóxicas apropiadas para garantir a seguridade: non compartir o material, manter a distancia en cada tarefa, adaptar tarefas grupais, etc.

- Traballarase a “dimensión individual” de diferentes disciplinas, por exemplo: práctica de habilidades básicas e técnicas: elementos sinxelos de gimnasia (equilibrios, saltos), golpes individuais de voleibol, desprazamentos defensivos, pases e recepcións individuais e con parede, técnicas individuais de orientación, etc.

- Se fomentarán os aspectos vinculados á expresión e á comunicación corporal (contados propios do Bloque 2: Actividades artístico-expresivas): deseño e grabación de coreografías coa distancia de seguridade, dramatización, traballo das emocións, etc. Adaptaránse as danzas tradicionais e “danzas do mundo” cuxa estrutura sea en parellas ou dadas da mal.

- No relativo ás actividades no medio natural, valorarase a realización de actividades complementarias fóra do centro sempre e cando as condición de seguridade o permitan, e segundo vaia evolucionando á situación sanitaria a partires do 2º trimestre.

- Tareas de reforzo de contidos teóricos vinculaos á práctica: musculatura, sistema óseo, nutrición, métodos de entrenamiento, organización de torneo de bádminton....

d) CONTIDOS DE ÍNDOLE ACTITUDINAL:

- **Neste curso resulta esencial desenvolver no alumnado** aspectos que poidan axudarlles a sobrelevar mellor situacións de aislamiento: esforzo, dedicación, autoesixencia, tenacidade, paciencia, etc. Darase pé a que o alumno se comunique a maiores cos profesores a través das vías de comunicación que cada profesor determine (Aula Virtual, Correos,Blogs...).

- Cabe mencionar neste apartado e de cara á avaliación dos aprendizaxes, que neste curso é moi complicado integrar aspectos como a cooperación, respecto ó adversario, aceptación dos erros do compañeiro...dentro da calificación da materia.

A continuación se describen os estándares de aprendizaxe que poderán ser adaptados, ou valorados con menor peso (%) na calificación, neste curso 2020-2021 no segundo ciclo da ESO, a maiores dos estándares correspondentes ao Bloque 4 de contidos.

EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.

EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.

EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.

EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.

EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.

EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.

EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.

1ª UNIDADE DIDÁCTICA: “MELLORO AS MIÑAS CAPACIDADES FÍSICAS”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

En este nivel do ensino obrigatorio é importante a asimilación da importancia dunha correcta conservación e optimización do corpo como ente funcional. Así, a aptitude para a acción debe ser un valor que o alumnado teña moi presente ó longo da súa vida, e para isto é necesario un bagaxe de coñecementos teórico-prácticos para que cada persoa sexa capaz de identificar e analizar os medios e métodos ó seu alcance para conservar e mellorar cada unha das capacidades que comprende a súa condición física.

Así mesmo intentarase que nesta unidade didáctica os alumnos coñezan os diferentes tipos de lesións que se poden producir na vida cotiá e na práctica da actividade física, aplicando unhas primeiras atencións e protocolos básicos de actuación.

Con este fin levamos a cabo esta unidade didáctica na cal proporcionaremos ós alumnos e alumnas este coñecemento básico que lles permitirá dispoñer de medios e métodos de adestramento para mellorar a súa condición física e para a prevención de lesións.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

Identificar as capacidades físicas básicas e derivadas como compoñentes da condición física.

Recoñecer os medios e métodos de adestramento da condición física e saber aplicalos en un mesmo, así como os métodos de relaxación.

Coñecer protocolos básicos de primeiros auxilios.

Valorar a boa condición física e os beneficios que reporta a nivel de saúde física e mental, autoeficacia percibida, mejora de imagen corporal...

Valorar os efectos negativos que determinados hábitos(fumar, beber,sedentarismo..) teñen sobre a condición física e sobre a saúde.

CONTIDOS.

Conceptuais.

A condición física: concepto, clasificación dos compoñentes, métodos de desenvolvemento.

As capacidades físicas básicas e derivadas.

O corpo humano en relación á evolución das capacidades físicas.

Primeiras actuacións ante as lesións máis comúns. Protocolos básicos de primeiros auxilios.

Procedimentais.

Os exercicios de mellora de cada capacidade física.

Medios e métodos de adestramento: a súa posta en práctica.

Métodos de relaxación.

Protocolos básicos de actuación en primeiros auxilios

Actitudinais.

A aptitude para a acción: importancia para a autopercepción da persoa.

A saúde física e mental asociada a unha boa condición física.

A ocupación do tempo de lecer mediante actividade física e deportiva.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Nesta unidade didáctica predominarán os estilos de ensino e aprendizaxe directivos, se ben trataremos de buscar nalgún momento a autonomía por parte dos alumnos e alumnas e que deseñen eles os seus propios exercicios, tomando como exemplo os propostos polo profesor e correxíndoos tamén o propio profesor, se ben buscando os razoamentos por parte do alumnado.

A organización da clase será en grande grupo, aínda que haberá tamén outro tipo de organizacións como traballo en circuíto ou en pequeno grupo, en función da capacidade que pretendamos traballar.

As tarefas serán predominantemente de tipo pechado e de regulación interna, prestando especial importancia ós mecanismos de execución, se ben o procesamento da información que se require non é tanto de tipo motor como de razoamento acerca dos medios e métodos que se propoñen.

TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 1	MELLORO AS MIÑAS CAPACIDADES FÍSICAS.
Sesión 1	Presentación da unidade didáctica. O quencemento autónomo e a prevención de lesións.
Sesión 2	O quencemento autónomo (ejecución) .Utilización de actividades de carácter continuo variable utilizando os recursos e dificultades que O parque da Alameda ofrece.
Sesión 3	Métodos de desenvolvemento da resistencia. Os métodos fraccionados.Realización dun intervall na Alameda.
Sesión 4	A forza.Desenvolvemento da forza relativa. Ejercicios de autocarga para exercitar os grandes grupos musculares. Carga do compañeiro.
Sesión 5	A flexibilidade Métodos de mellora da flexibilidade: dinámicos e estático.
Sesión 6	A velocidade.Utilización de métodos fraccionados para el desenvolvemento da resistencia á velocidade.Xogos que a propician.
Sesión 7	A Forza explosiva reactiva elástica Ejercicios de saídas, saltos de atletismo...
Sesión 8	A velocidade. Velocidade de aceleración.A velocidade no cambio de dirección e/ou sentido, xogos de encontro de traxectorias e esquivar compañeiros, aceleración contra resistencia.
Sesión 9	A flexibilidade. Métodos de mellora da flexibilidade: dinámicos e estáticos como. O Stretching como medio de mellora da flexibilidade.
Sesión 10	A resistencia anaeróbica
Sesión 11	Forza explosiva. Lanzamentos de balóns medicinais, lanzamentos de balóns.Os lanzamentos en atletismo. Explicación da importancia da forza nas súas distintas manifestacións para a execución de calquera tipo de habilidade motriz.
Sesión 12	Velocidade de desprazamento. Realización dun interval intensivo muy corto.
Sesión 13	A relaxación e respiración.Métodos de relaxación .
Sesión 14	A forza resistencia. Utilización de circuitos.
Sesión 15-16	Avaliación dos traballos deseñados e levados a cabo dunha capacidade física elixida por eles utilizando algún método de adestramento.

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN

A **avaliación inicial** estará recollida nunha primeira toma de información, ó longo da primeira clase da unidade didáctica, mediante preguntas que dirixiremos ó alumnado acerca dos contidos teóricos e teórico-prácticos de que vai constar a unidade. A partir de aquí reconduciremos a unidade didáctica axustándoa ó nivel dos alumnos e alumnas. A **avaliación formativa** constará de observacións puntuais acerca dos contidos actitudinais que perseguimos ó longo das sesións. A **avaliación sumativa** consistirá na consideración global de aspectos como a comparativa de coñecementos entre o inicio e o final da unidade, o bagaxe de actitudes que amosou o alumno ou alumna ó longo da unidade, e aplicación de un test físico relacionado con lo tratado.

2ª UNIDADE DIDÁCTICA: “OS XOGOS E DEPORTES TRADICIONAIS DA ZONA”

Esta unidade didáctica de Xogos e deportes tradicionais constitúe o pechamento a este tema tratado xa en cursos anteriores, polo que supón un resumo dos conceptos máis importantes vistos ata agora para continuar desenvolvendo xogos tradicionais que actualmente podense xogar nos lugares onde os alumnos habitan. Isto supón unha investigación por parte dos alumnos.

UNIDADE DIDÁCTICA °: XOGOS TRADICIONAIS DA ZONA					
CURSO: 4º ESO					
TEMPORALIZACIÓN					
Data Inicio:	Data Fin	DURACIÓN: 4 sesións			
CONTIDOS					
B1.3 Planificación e organización de eventos e campionatos nos que se utilicen sistemas que potencien as actitudes, os valores e o respecto das normas, asumindo diferentes papais e función.					
B1.4 Valoración das actividades físicas deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador.					
B4.3. Coñecemento e práctica dos xogos e deportes tradicionais de Galicia e da propia zona, así como do seu regulamento. Procura de información sobre variacións locais.					
B.4.6. Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN		EA	CP	IE	CT
B1.2 Colaborar na planificación e na organización de eventos, campionatos ou torneos deportivos prevendo os medios e as actuacións necesarias para a súa celebración e relacionando as súas función coas do resto de implicados . B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida.		B1.2.1	CSC	O.Directa Probas Prácticas Saidas	B1.3
		B1.3.2	CSS		B1.4

B4.3. Recoñecer o impacto ambiental, económico e social das actividades físicas e deportivas, reflexionando sobre a súa repercusión na forma de vida no contorno.	B4.3.1	CSC CMCCT		B4.3
B4.6 Realización de actividades deportivas e/ou recreativas, preferentemente desenvolvidas no medio natural	B4.3.2	CSC CMCCT		B4.6
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE				
EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.				
EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas				
EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.				
EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida				
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Observación Pruebas prácticas Foros Saidas entornos naturais próximos	COMPETENCIAS Competencia social e cívica.(CSC) Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía. CMCT	METODOLOXÍA Mando directo Asignación de tarefas. Organización grupos reducido. Estratexia global Estratexia analítica		
RECURSOS: Aula. Video. Boligrafos.. diábolos, outros etc.				

TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE
SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN

U.D. nº 2	OS XOGOS TRADICIONAIS
Sesión 1	Os xogos tradicionaise populares .
Sesión 2	O diábolo e os pratos chinos.
Sesión 3-4	Avaliación. Xogos buscados por eles.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Os estilos de ensino e aprendizaxe variarán en función dos tipos de xogos que empreguemos dentro da sesión. Así, para os xogos que son mais coñecidos para os alumnos e alumnas empregaremos un estilo directivo na exposición da actividade a levar a cabo, se ben a partir de ahí deixaremos que o xogo se desenvolva sen intervir mais que cando sexa totalmente necesario. En xogos tradicionais nos cales o alumnado non ten experiencia, ademais de expoñer as normas e a dinámica do xogo, trataremos de expoñer a técnica e estratexia que permite acadar a máxima eficacia, se ben podemos combinar isto con estilos de descubrimento

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

A avaliación nesta unidade didáctica comprenderá, en gran medida, a actitude ante as actividades propostas en tres aspectos a ter en conta: primeiro, a actitude ante a práctica de xogos, segundo, a actitude ante novos xogos descoñecidos e xogos tradicionais, terceiro, a búsqueda dos xogos máis coñecidos e xogados neste momento.

3ª UNIDADE DIDÁCTICA. “XOGAMOS A VOLEIBOL”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

O voleibol como deporte de cooperación-oposición en espazos separados e con participación alternativa dos xogadores, acheganos o manexo de móbiles mediante técnicas diferentes hasta as agora tratadas, cuales son os golpes e a súa complexidade. Trataremos de proporcionar información acerca da importancia da técnica respecto a determinadas accións (adaptación e control, pase..) para lograr a eficacia, e incidiremos sobre todo no aprendizaxe técnico-táctico individual (toma de decisións: elección da mellor alternativa entre tódalas existentes, que antes deben ser percibidas).

UNIDADE DIDÁCTICA nº3 : O VOLEIBOL				
CURSO: 4º ESO				
TEMPORALIZACIÓN				
Data Inicio: primeiro trimestre Data Finalización: segundo trimestre				
DURACIÓN: 16 sesións				
CONTIDOS				
B4.1 Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica				
B4.2 . Traballo das situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición propostas, tendo en consideración diversos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, as persoas adversarias, os regulamentos e o contorno da práctica.				
CRITERIOS DE AVALIACIÓN				
	EA	CP	IE	CT
B4.1 Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.	B4.1.1 B4.1.2 B4.1.3	CAA CSIEE	OBSERVACION DIRECTA PROBAS PRÁCTICAS	B4.1
B4.2 Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.	B4.2.1 B4.2.2 B4.2.3 B4.2.4	CAA CSIEE	OBSERVACION DIRECTA PROBAS PRÁCTICAS	B4.2
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE				
B4.1.1 Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.				

<p>B4.1.2 Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.</p> <p>B4.1.3 Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.</p> <p>B4.2.1 Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.</p> <p>B4.2.2 Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.</p> <p>B4.2.3 Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.</p> <p>B4.2.4 Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.</p>		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Observación directa e indirecta Probas prácticas Cuestionarios	COMPETENCIAS Competencia social e cívica.(CSC) Aprender a aprender Conciencia y expresiones culturales	METODOLOXÍA Asignacion de tarefas X enseñanza recíproca X Descubrimiento guiado X Resolución de problemas X Org. individual X Org x2/x3 grupos
RECURSOS: Balóns Aros Redes		

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

A metodoloxía de ensino e aprendizaxe dos deportes de equipo vén sendo un tema de grande complexidade tradicionalmente, e aínda é hoxe o día no que é necesario un grande dominio do tema para ir cambiando, mesmo dentro dunha mesma sesión, de estilo de ensino, de tipos de tarefas, de organización da clase... para acadar bos resultados, debido á multiplicidade das características dos conceptos, procedementos e actitudes que o alumnado debe asimilar. Simplemente diremos que estamos abertos á utilización de calquera tipo de metodoloxía, que ésta será cambiante en función das necesidades e continxencias que se presenten no proceso, e que a vella fórmula de estilos directivos para a técnica e de descubrimento para a táctica non nos parece axeitada.

TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 3	XOGAMOS A VOLEIBOL
Sesión 1	Explicación das regras fundamentais. As técnicas básicas.
Sesión 2	Análise do voleibol. O control e manexo do balón.Os golpes. O pase e a recepción.
Sesión 3	O toque de dedos e o pase hacia adiante.
Sesión 4	O golpeo de antebrazos.
Sesión 5	Utilización do golpe de antebrazos ante balóns con traxectoria baixa e tensa.
Sesión 6	O saque de abaixo. A recepción do saque(baixo, de tenis e xaponés)
Sesión 7	O xogo 1x1, utilizando as aprendizaxes técnicas.
Sesión 8	Avaliación da eficacia do dominio e control do balón.
Sesión 9	O pase atrás e o pase lateral. Recepcións dos saques e o pase o colocador.Xogo 2x2.
Sesión 10	Os sistemas de recepción.Aplicación do sistema en W
Sesión 11	O remate. O xogo 2x2 e 3x3.
Sesión 12	O saque de tenis. Utilización do remate no xogo 3x3.
Sesión 13	Os sistemas defensivos. Aplicación do sistema 3:1:3
Sesión 14-15	Xogo 4x4, utilizando todos os procedimentos vistos.
Sesión 16-17-18	Xogo 6x6 realizando una liga interclase.Avaliación.

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

A avaliación desta unidade didáctica comprenderá grande cantidade de factores a ter en conta: por unha parte a asimilación dos conceptos espaciais e temporais, a comprensión básica do funcionamento da lóxica interna do xogo, a progresión da técnica.(número de toques consecutivos de dedos, de antebrazos, alternativos e encadenados).Tamén os contidos actitudinais. Para todo isto, utilizaremos un rexistro asistemático e subxectivo onde vaiamos valorando, fundamentalmente, a progresión dos alumnos e alumnas en todos estes contidos. Ésta será a avaliación formativa que, a posteriori, nos proporcionará información para acadar a avaliación sumativa. Ademáis utilizaremos unha folla de rexistros nos tres últimos días da unidade.

4ª UNIDADE DIDÁCTICA. “MEU CORPO E O EQUILIBRIO”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

A educación da actitude e o equilibrio, debe estar plenamente integrada na educación do esquema corporal, máis aínda si constatamos a súa implicación na actividade relacional e corporal e na capacidade de iniciativa e autonomía do suxeito.

A unidade didáctica levarase a cabo segundo trimestre.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº4 MEU CORPO E O EQUILIBRIO					
				CURSO: 4º ESO	
TEMPORALIZACIÓN Data Inicio: 2º Trimestre		Data Fin: 2º Trimestre			
DURACIÓN: 8 sesións					
CONTIDOS					
B1.4. Valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.					
B1.7 Medidas preventivas sobre os riscos ou as lesións na realización de actividades físico-deportivas.					
B3.3 Realización de exercicios para a consecución dunha óptima hixiene postural.					
B4.1 Traballo dos fundamentos técnicos das actividades físico-deportivas propostas, tendo en conta diversos condicionantes.					
CRITERIOS DE AVALIACIÓN		EA	CP	IE	CT
B1.3 Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida		B1.3.1	B1.4	Observación directa	CSC
B1.4 . Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes.		B1.4.1	B1.7	Observación directa Probas prácticas	CSIEE
B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.		B3.1.2	B3.3	Trabajos Cuestionario	CMCCT
B4.1 Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión		B4.1.1 B4.1.3	B4.1	Probas	CAA CSIEE
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE					
B1.3.1 Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.					
B1.4.1 Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.					

<p>B3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.</p> <p>B4.1.1 Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situación motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.</p> <p>B4.1.3 Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva</p>		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Observación directa. Probas prácticas. Grabacións	COMPETENCIAS XAprender a aprender XCompetencia social y cívica Competencia matemática ciencia e tecnoloxía	METODOLOXÍA Asíñación de tarefas. Resolución de problemas. Organización individual. Organización grupo reducido. Organización gran grupo.
RECURSOS: Bancos suecos. Reproductor música. Colchonetas. Quitamedos. Video .Cordas		

ORIENTACIÓN METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

En toda a unidade, trataremos de que os alumnos resolvan problemas motores mediante a emisión de solucións en forma de habilidades motrices, ou ben da combinación das mesmas. Para isto utilizaremos uns estilos de E/A basados no descubrimento, se ben as posibles solucións se plantexarán en gran grupo para tratar entre todos de optimizalas e executalas correctamente. Os propios alumnos valorarán as solucións aportadas polos seus compañeiros e tratarán de melloralas.

En tarefas de carácter definido (caso de reprodución demodelos) o estilo será directivo

TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAX

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº4	MEU CORPO E O EQUILIBRIO
Sesión 1	Equilibrios en diferentes posicións. Control tónico. O equilibrio nas caídas.
Sesión 2	Flexibilización e tonificación da columna vertebral. Diferentes xiros no eixo transversal.
Sesión 3	Os desprazamentos en equilibrio e velocidade: circuitos e xogos de carreiras seguindo as liñas, seguindo cordas, aros, bancos suecos...
Sesión 4	O equilibrio de cabeza y de brazos.Coordinación con outras habilidades.
Sesión 5	Xiros sobre os tres eixos. Inversións.
Sesión 6	Habilidades de salto con y sin obstáculos.
Sesión 7	Combinacións de saltos e xiros.Utilización de aparatos de salto.
Sesión 8	Equilibracións grupais.O acrosport e o equilibrio.

ORIENTACIÓN SOBRE A AVALIACIÓN.

Para cada habilidade, a **avaliación inicial** realizáremola en dúas fases, primeiro, ó iniciar a unidade didáctica, e coas referencias que poidamos ter acerca da habilidade de cada alumno-a, tomaremos datos que nos describan de xeito aproximado a destreza e as necesidades de cada un con actividades que traten as habilidades básicas de xeito global. Segundo, en cada sesión que adicaremos ás distintas habilidades haberá unha constante retroalimentación á hora de plantexar novos problemas motores, en función da calidade da resolución do anterior.

A **avaliación formativa** levarémola a cabo sesión a sesión, posto que as distintas habilidades están distribuídas ó longo de toda a unidade, e iremos valorando tanto a evolución nos contidos procedimentais como a adquisición de aqueles contidos actitudinais que consideramos fundamentais nesta unidade didáctica.

A **avaliación sumativa** acadarémola a través dos distintos rexistros da avaliación formativa: así, teremos datos acerca do nivel de execución dos alumnos-as en circuitos, en tarefas distintas... así como a evolución nos valores e actitudes que amosen os alumnos.

5ª UNIDADE DIDÁCTICA:

“A INDIACA, UN DEPORTE ALTERNATIVO DE ADVERSARIO”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

Na sociedade actual, o avance tecnolóxico e a busca de novas sensacións levan ó deporte cara un terreo descoñecido ata o de agora. É dicir, que os deportes de nova creación fundaméntanse nuns materiais moi específicos para explotar novos recursos da motricidade humana. Por isto son moi interesantes dende un punto de vista educativo. Ademais, presentan unha oferta moi variada que hoxe en día as persoas que non formen parte dunha asociación ou clube deportivo teñen ó alcance, e por isto poden pasar a formar parte fundamental do tempo de lecer dos nosos alumnos, no presente ou no futuro, co que é importante que os coñezan e os disfruten para que os demanden pola súa conta.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

Coñecer os novos deportes, as súas características, cómo acceder a eles...

Practicar novos deportes e assimilar as características comúns que presentan.

Disfrutar practicando deporte novos e desconocidos.

CONTIDOS.

Conceptuais.

Os novos deportes: concepto, características, tipos.

Fundamentos técnicos de este deporte.

Procedimentais.

Utilización de elementos tácticos e técnicos para resolver as situacións reais de xogo

Actitudinais.



Interés polos novos deportes.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Utilizaremos os nosos aprendizaxes sobre os deportes de equipo para transferir coñecementos.

TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN

U.D. nº 5	A INDIACA, UN DEPORTE ALTERNATIVO DE ADVERSARIO.
Sesión 1	Os novos deportes. Concepto. Clasificación. Visualización dun vídeo.
Sesión 2	Golpes básicos.Utilización de diferentes partes do corpo para o golpeo.
Sesión 3	As recepcións.Adaptacións dos golpeos para campos reducidos.
Sesión 4	Aplicación de la técnica a situacións 2x2.
Sesión 5	Utilización de estratexias básicas de xogo. Liga entre toda a clase.
Sesión 6	Avaliación, mediante unha lista de control durante o xogo.

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

A avaliación desta unidade didáctica basearase no grao de implicación do alumnado coas actividades, e a aceptación dun uso correcto do seu tempo de lecer. Para isto observaremos o nivel de actividade acadado para cada contido proposto, e rexistraremos as opinións de alumnos e alumnas respecto a estas actividades.

6º UNIDADE DIDÁCTICA: “A DANZA AERÓBICA”

INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN.

A actividade aeróbica, nas súas diferentes manifestacións, é unha parte fundamental da actividade física na súa vertente de coidado da saúde e mantemento da calidade de vida, pola importancia que posúe para a conservación e optimización do aparato cardio pulmonar, fundamentalmente. Unha das manifestacións é a través da danza e mais concretamente do aerobic. Desta forma os alumnos comprobarán como actividades que son boas para a súa saúde ten una relación directa con el ritmo e a expresión.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

Coñecer qué é a actividade física aeróbica e as súas diferentes manifestacións.

Practicar diferentes tipos de actividades aeróbicas identificando os indicadores que as caracterizan (FC, F resp).

Valorar os efectos beneficiosos que posúe a práctica habitual e sistemática de actividade física aeróbica para o desenvolvemento dunha vida satisfactoria.

CONTIDOS.

Conceptuais.

A actividade física aeróbica: concepto, tipos e características.

O corpo como medio de expresión e comunicación. Historia do aerobic.Diferentes estilos.

Beneficios para a calidade de vida e a saúde dunha práctica habitual e sistemática de actividade física aeróbica

Procedimentais.

Control da intensidade da actividade mediante parámetros fisiolóxicos.

Execución de coreografías de aerobic.

Actitudinais.

Aceptación das propias características e afán de autosuperación.

Superación de prexuízos respecto á práctica de determinadas actividades.

Concienciación da importancia dunha boa forma física.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Os estilos de ensino e aprendizaxe seguirán unha tendencia directiva, posto que tanto na asimilación de contidos teórico prácticos como a xestión da propia intensidade da actividade mediante parámetros fisiolóxicos (frecuencia cardíaca e respiratoria) como nas actividades que realizaremos en gran grupo (aerobic), é o estilo máis utilizado, xa que require dunha retroalimentación constante para acadar resultados.

As tarefas serán predominantemente habituais e de regulación interna. Nalgún caso, a información máis importante será a que terán que procesar despois da tarefa, noutros será a coordinación dinámica xeral. Non haberá interacción motriz, polo tanto serán tarefas pechadas, na súa maior parte. A organización da clase será en grande grupo debido á natureza das actividades que propoñemos

TEMPORALIZACIÓN.ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAXE.

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 6	A DANZA AERÓBICA.
Sesión 1	O Aerobic. Historia. Organización e pautas dunha sesión. Actividade física e saúde. Factores a ter en conta na realización de actividade aeróbica: a FC e a FR. Medición da frecuencia cardíaca. Experimentación das distintas intensidades do exercicio físico aeróbico a través das sensacións (fatiga, incremento da frecuencia respiratoria...) e contraste coa información derivada da medición da frecuencia cardíaca. Visulización dun vídeo.
Sesión 2	Modelo de quencemento. Pasos básicos.
Sesión 3	A música como soporte. Características da música propia do aerobic: beats, compases, bloques. A coreografía .Movimentos de baixo impacto.
Sesión 4	A coreografía. Pasos de alto e baixo impacto.
Sesión 5	Movimentos básicos: marcha, viñas, V, variantes de cada un deles. Os movementos adiante-atrás e laterais. O enlace entre movementos distintos.
Sesión 6	A importancia de a frecuencia cardíaca e su medición ao longo da sesión. Exercicios de tonificación.

Sesión 7	Creación de novos elementos por parte dos alumnos axustándose ó ritmo da música. Creación de composicións de varios bloques alternando os movementos aprendidos.
Sesión 8-9	Preparación de coreografías en grupos mixtos.
Sesión 10	Presentación dos traballos e avaliación.

ORIENTACIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN.

A avaliación nesta unidade didáctica está baseada, por unha parte a aceptación das actividades aeróbicas como parte fundamental da actividade física cotiá humana, e por outra a valoración da importancia para o correcto desenvolvemento de tódolos aparatos, sistemas e funcións do organismo nunhas condicións de calidade de vida e saúde. Para isto, levaremos a cabo unha **avaliación inicial** dos coñecementos prácticos dos contidos específicos deste tema. En función do grao de coñecemento que percibamos por parte dos nosos alumnos e alumnas estableceremos a progresión ó longo do tema dos contidos que expoñeremos. A **avaliación formativa** constará dun rexistro de actitudes como interese, autosuperación e creatividade ó longo das sesións, que rematará coa **avaliación sumativa** de todos estes aspectos e a calidade da execución das diferentes tarefas que se proponían.

7ª UNIDADE DIDÁCTICA: “O MAPA E O COMPÁS EN ORIENTACIÓN”

INTRODUCCIÓN/XUSTIFICACIÓN

No centro e as súas inmediacións desenvolveremos os contidos referidos o medio natural e as posibilidades que este ofrece como lugar de prácticas de actividades. O interese social polos temas medioambientais, o aumento sensíbel dos grupos e asociacións ecoloxistas e a maior protección dos espazos naturais, fan necesario a inclusión de contidos que teñan relación coa utilización e respecto dese medio.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Coñecer as diferentes técnicas básicas de orientación. Usos do mapa e do compás.

Adquirir e utilizar habilidades específicas para adaptarnos ao medio natural, adoptando as medidas de protección e seguridade necesarias.

Aceptar e respetar as normas para a conservación e mellora do medio ambiente, tomando conciencia dos usos e abusos de que pode ser obxecto.

CONTIDOS

Conceptuais

Características do medio natural e utilización dos seus recursos.

Coñecemento da simboloxía que configura un plano.

O mapa na orientación. A lenda e a escala.

Procedimentais

Utilización do compás nos xogos de orientación da Alameda.

Recoñecemento dos recorridos utilizando o mapa.

A carreira de orientación.

Actitudinais

Adquisición de autonomía para desenvolverse en medios que non son habituais con confianza e adoptando as medidas de seguridade e protección necesarias.

Aceptación e respecto das normas para a conservación e mellora do medio natural.

ORIENTACIÓN METODOLÓXICO-DIDÁCTICAS.

Centrarase sobre todo na organización dos grupos e tarefas que os alumnos desenvolverán, así como nas propostas de búsqueda que eles tendrán que facer.

TEMPORALIZACIÓN. ACTIVIDADES DE ENSINO E APRENDIZAX

SECUENCIACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DE CADA SESIÓN.

U.D. nº 7	A ORIENTACIÓN
Sesión 1	Talonamiento dos pasos en 50 M. Xogos de orientación con o compás
Sesión 2	Marcha o monte ,utilizando diferentes percorridos con axuda do mapa e o compás.
Sesión 3	Xogos de orientación na cidade, reproducindo o perecorrido nun mapa.
Sesión 4	Carreira de orientación con mapa de orientación e compás

ORIENTACIÓN SOBRE A AVALIACIÓN.

Cada día, tras experimentar sobre a práctica os coñecementos adquiridos, os alumnos e alumnas deberán cumprimentar os percorridos con os controis, no cal deberán reflectir nos planos entregados, así como a observación doutros aspectos que denotarán a súa capacidade de autoxestionarse no coñecemento e desenvolvemento do medio natural. O conxunto destes cuestionarios daranos as conclusións necesarias para elaborar un informe de avaliación. Veremos así cumprimentadas as avaliacións formativa e sumativa.

8. ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS

Buscarase ir hacia un enfoque competencial así como a consecución e integración dos estándares por parte do alumnado:

- Educación Física nestas etapas terá un carácter eminentemente práctico e vivencial.
- A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo do alumnado en Educación Física aconsella a distribución das dúas sesións semanais en diferentes días.
- A selección dos contidos e das metodoloxías activas e contextualizadas debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo destas etapas.
- O uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

- O profesor deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alum-nas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física.
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado.
- Buscarase orientar aos alumnos e as alumnas para que poidan ser auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida da súa saúde, mediante a adquisición de hábitos de vida saudables.
- O alumno, ademáis de adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico deberá tamén desenvolver actitudes conducentes á **reflexión e análise** sobre as achegas da Educación Física e o deporte á nosa saúde e ocupación do ocio e o tempo libre. Para iso necesitamos combinar a práctica de actividade física co proceso reflexivo.
- Nalgúns aspectos da área o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos e destrezas fundamentais desta área. .

8.1. ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS E TÉCNICAS DE E_{NSINO}

Para conseguir estes obxectivos resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, do xeito en que cada un considere máis apropiada, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación

As estratexias expositivas

Presentan ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as formulacións introductorios e panorámicos e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Este tipo de estratexia pode utilizarse ao principio de cada unidade, na introdución, lectura e debate do texto, así como na explicación de contidos teóricos de especial complexidade.

As estratexias de indagación

Presentan ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe estruturar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a situacións problemáticas nas que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes conlevan á súa vez a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer ao alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e

conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

Polo que respecta ás diferentes **técnicas de ensino utilizadas**, hai que destacar aquelas en as que a intervención alumno-profesor no proceso de toma de decisións deixa liberdade ao alumnado para experimentar, crear e resolver as súas propias situacións, adoptando o profesor un rol de apoio e de consulta capaz de ofrecer o adecuado feedback para a aprendizaxe e consolidación dos contidos. Así, as técnicas de ensino fundamentais que se requiren son o descubrimento dos diferentes perfís educativos e necesidades dos alumnos e as alumnas, que se concretarán no deseño de diversos estilos de aprendizaxe guiada e en programas individualizados, respectivamente.

9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A **avaliación** das aprendizaxes dos alumnos será continua tendo en conta os obxectivos específicos da nosa área, e estando de acordó cos criterios de avaliación que se establecen nesta programación para cada curso.

Polas características da nosa asignatura que abarca contidos moi diversos e amplos, e posible aprobar a primeira e suspender a segunda ou aprobar a segunda e suspender a terceira avaliación por elo teremos sempre presente a posibilidade de recuperar as partes non superadas para así acadar una valoración positiva.

Se ca finalización do curso non se acadan os obxectivos ou nivel marcado, o alumno terá una oportunidade de salvarlos nunha convocatoria extraordinaria en setembro.

10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación numérica desglosase en tres apartados que son: Contidos Conceptuais, Contidos Procedimentais, e Contidos Actitudinais é a súa valoración reflectese a continuación pormenorizadamente.

10.1 ITEMS AVALIATIVOS

10.1.1 CONCEPTOS. CONTIDOS DE APLICACIÓN. SABER E COÑECER.

- EXAMES ESCRITOS. Os contidos específicos de cada avaliación, de unha ou máis unidades didácticas serán avaliados mediante exames escritos de dez preguntas.

- TRABALLOS ESCRITOS. Versarán sobre os contidos que indique o profesor . Poden ser un ou máis en cada avaliación. A falta na entrega de calquera dos traballos obrigatorios ou a entrega dos mesmos fora do prazo estipulado, conllevará unha puntuación de cero puntos neste apartado. Se o traballo require a exposición oral diante dos compañeiros e do profesor, a disertación farase sen ler, como máximo o alumno poderá consultar un guión que lle entregará o profesor ó finalizar. Os traballos escritos pódense facer a man ou a ordenador, pero deben ser elaborados polo propio alumno. As fontes bibliográficas e infográficas consultadas deben reflexarse na última páxina. Os traballos plaxiados ou copiados sen citar as fontes, recibirán unha cualificación de cero puntos. Cada un dos traballos valerá ata un dez por cento deste apartado da cualificación (10.1.1).

Os exames teóricos máis os traballos escritos valerán un cuarenta por cento da nota, é dicir 4 puntos sobre 10.

10.1.2 PROCEDEMENTOS. SABER DESENVOLVER OS CONTIDOS NO CONTEXTO DA PRÁCTICA REAL.

- PROBAS PRÁCTICAS. Nos exames e probas prácticas, avaliaranse os contidos traballados nas distintas unidades didácticas das sucesivas avaliacións que articulan o desenvolvemento curricular da materia ó longo do curso. Os criterios de valoración da execución práctica dos diversos contidos, irán en relación ao grao de consecución dos estándares de aprendizaxe nas correspondentes unidades didácticas.

*Adxuntamos baremos da batería de test de valoración da condición física .

O contidos prácticos ponderarán un cuarenta por cento da nota (4 puntos sobre 10).

10.1.3 CONTIDOS ACTITUDINAIS. APRENDER A SER.

Neste apartado da cualificación global, terase en conta basicamente o grao de implicación do alumno nas sesións de clase. As conductas participativas e de alta proactividade nas actividades, serán valoradas positivamente. Pola contra as conductas pasivas ou de baixa implicación nas sesións teán unha consideración negativa.

En xeral fomentaranse todas aquelas actitudes que amosen interes polas prácticas físico-deportivas, nun contexto de contexto de cooperación, xogo limpo, e en xeral

todas aquelas manifestacións motrices dos alumnos-as, que reflectan respecto polos compañeiros, madurez e civismo nas actividades físicas, deportivas e lúdicas .

Neste apartado o profesor terá en conta os seguintes aspectos:

1. Interés, involucración e respecto pola materia de Educación Física e Deportiva.
2. Asistencia a clase e puntualidade.
3. Actitude respetuosa do alumno-a co profesor e cos compañeiros-as.
4. Uso de atuendo e calzado deportivo nas sesións de clase.
5. Uso correcto das instalacións e do material específico. Colaboración na recollida do material dende o almacén ata a sala, e á inversa ó final das sesións.
6. Valoraranse especialmente as actitudes cooperativas, solidarias, proclives á plena igualdade de sexos, e en xeral, aquelas actitudes e conductas que nos contraveñan os valores de boa cidadanía.
7. A reiteración de conductas pasivas nas clases terá una valoración negativa. Mesmo se a pasividade é selectiva (o alumno-a só se implica activamente cando se sinte observado polo profesor).

Todos os criterios citados serven para configurar unha puntuación dada polo docente, que supón o vinte por cento da nota global (2 puntos sobre 10).

A CUALIFICACIÓN FINAL de cada unha das avaliacións, e a cualificación final na avaliación ordinaria de xuño terá unha valoración numérica de 1 a 10 puntos (de cero a dez en Bacharelato). A avaliación será positiva cando o alumno acade 5 puntos.

As avaliacións serán independentes entre si. Poderase dar o caso de que o alumno suspenda a primeira, a segunda uo a terceira por separado. A cualificación final será a nota media. As cualificacións de 3 ou por debaixo de tres , non fan media e implican unha recuperación da mesma no exame final.

Os alumno-as que non acaden a media de 5 puntos, teñen a opción de presentarse á PROBA FINAL. Será un exame escrito que constará de dez preguntas, no que se valore o grao de coñecemento acadado polo alumno nos contidos prácticos e teóricos tratados ó longo do curso. A cualificación de aprobado acádase con 5 puntos.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO .Faráse unha proba de de dez preguntas similar o de xuño. O aprobado estará en 5.

EXENCIONES DA PARTE PRÁCTICA DA MATERIA. Os alumnos-as que por causas diversas non poidan participar activamente nas sesións prácticas , poderán solicitar a exención total ou parcial. Unha vez acreditado mediante certificado médico, serán avaliados pola parte conceptual e procedimental dos criterios de cualificación.

Aqueles alumnos que pese a presentar alguna enfermidade ou problema físico, que lles permitiría quedar exentos da práctica, deciden participar activamente nas sesións dentro da medida das súas posibilidades, serán recoñecidos na cualificación.

11. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN : A EVALUACIÓN INICIAL

Coa Educación Física e Deportiva debemos contribuir no pleno desenvolvemento da personalidade do alumno, por iso non só se avalían aspectos relacionados coa aprendizaxe motora (contidos procedimentais), senón que , tamén, se porá atención ao ámbito cognitivo(feitos, conceptos, e principios) e afectivo (actitudes, valores e normas). A avaliación será continua, formativa e integradora:

Avaliación continua:

Porque, “a avaliación continua fai posible a corrección, o reaxuste de obxectivos, plan, programas, métodos e procedementos en función do logro dos obxectivos asignados a cada alum no.Avaliación inicial

Avaliación inicial

Utilizarémola para determinar obxectivos, adecuar a programación e esbozar líneas metodolóxicas que se van a seguir en caso de que o nivel dos alumnos diste moito do que xa temos plantexado para comenazar o curso.

Os instrumentos axeitados para este tipo de avaliación son: test, probas prácticas, cuestionarios que nos permitan ter a información necesaria sobre as características dos alumnos,as dificultades que poidan presentar para facer as posibles adaptacións, e os dsitintos coñecementos cos que parten dentro do grupo de clase.

1. Nos pasaremos uns cuestionarios nos primeiros días de clase nos que recabamos información ao alumno acer c a dos coñecementos cos que parte , datos médicos para ter en conta e facer adaptacións se fose preciso, hábitos de práctica de actividade física , e tc..2. Observaremos a parte actitudinal do alumnado na primeira unidade didáctica
2. Observaremos a parte actitudinal do alumnado na primeira unidade didáctica
3. Faremos una avaliación inicial cada vez que iniciemos una unidade didáctica para adaptar ver o nivel do grupo de alumnos/as e en base a valoración feita modificar ou no o programado .

Avaliación formativa ou progresiva.

Tomarémola como base fundamental do proceso de avaliación continua; para que nos determine o grao en que se van conseguindo os obxectivos concretos de cada unidade didáctica e do proceso educativo.

As observacións complementaranse con probas específicas, de periodicidade variable sempre en función das necesidades e tempo dispoñible. Estas poden ser a nivel global ou individualizadas, de tipo test, tanto físico-motriz como escritas ou orais. Así como os traballos individuais ou de equipo realizados tanto na aula como en horario non lectivo

Avaliación final ou sumativa.

Constitue una síntese dos resultado da avaliación progresiva que recolle a avaliación inicial e os obxectivos previstos para este curso académico.

Teremos que aplicar estos criterios despois de pechar cada ciclo de aprendizaxe, e decir, en cada unha das unidades didácticas, avaliacións trimestrais e por suporto o remate do curso.

11.1. Criterios de promoción

En primeiro lugar teremos como referencia os criterios de cualificación para cada una das avaliacións e tendo en conta o exisido por avaliación faremos una media dos controis feitos para obter a media da nota final por avaliación.

Utilizaremos como indicadores para decidir a recuperación dos alumnos os seguintes:

Presentar de maneira aceptable tódolos traballos encargados e, expoñelos.

Asistir as clases de Educación Física coa vestimenta e calzado adecuados.

Participar **ACTIVAMENTE** en tódalas actividades realizadas nas sesións e **ALCANZAR UNHA PROGRESIÓN INDIVIDUAL SUFICIENTE.**

Amosar un coñecemento dos conceptos básicos transmitidos e sinalados no apartado de contidos de esta programación.

Os alumnos/as que non cumplan algún destes requisitos terán que **repetir** no mes de setembro **realizar un exame teórico sobre os contidos dados no curso.**

PROMOCIÓN

Para aprobar a materia requírese una nota mínima de 5 puntos.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

No decreto 229/2011, do 7 de decembro, régúlase a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A diversidade é una realidade social a que hay que dar resposta. Isto implica a adopción de medidas e accións deseñadas coa finalidade de lograr as adaptacións curriculares que permitan acadar o obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible.

Na nosa materia a atención personalizada vese dificultada polo excesivo número de alumnos por aula, e o escaso tempo de que dispoñemos para as clases de educación física.

Ante este problema plantexamos procedementos **REALIZADOS NUN SEMINARIO PERMANENTE POR PROFESORES DESTE E OUTROS CENTROS DE ENSINO SECUNDARIO**, que nos axuden na noso labor docente, para resolver esta atención tan individualizada que han de ter estes alumnos con deficiencias físicas ou

sensoriais permanentes (crónicas) ou temporais (transitorias), tentando con isto a integración dentro da clase e á súa vez non esquecendo que a área de educación física é fundamentalmente procedimental, e tentando acadar os obxectivos dictados pola normativa vixente.

O traballo por tanto que plantexamos é un aporte de procedementos en función dos bloques de contidos e tendo en conta as lesións tanto temporais como permanentes que poden darse nos nosos alumnos. Con isto, pretendemos xeralizar unha serie de instrumentos e materiais curriculares que poidan ser empregados por os profesores de educación física do Instituto e tentando a plena integración destes alumnos

Dentro de tódalas vertentes que abarca o problema da diversidade na educación, tendo en conta as medidas de atención a este problema que proporciona a lexislación vixente e normativa ós profesionais do ensino, hai unha serie de DIFICULTADES mais proclives a manifestarse dentro de determinadas materias.

Para o profesor de educación física en concreto, a existencia de un alumno con necesidades educativas especiais crónicas, é dicir permanentes, ó longo de todo o proceso de ensino e aprendizaxe, e frecuentemente longo de toda a vida do suxeito, pode ser unha dificultade enorme á hora de impartir as clases tanto ó individuo en cuestión, como ó resto dos seus alumnos. Por exemplo, un alumno con unha patoloxía ou malformación que o obrigue a desprazarse en cadeira de rodas, un alumno asmático, un diabético, un cego ou un paralítico cerebral, son casos que obrigan a recurrir ás medidas de atención á diversidade ás que xa temos aludido anteriormente, sendo necesario nestes casos un plantexamento didáctico coa axuda de tódolos estamentos próximos ó alumno ou alumna da comunidade educativa que se precisen. Este proceso será diferente para cada alumno con necesidades educativas especiais, posto que éstas nunca se manifestarán de igual modo (maior ou menor grao de discapacidade), para cada bloque de contidos, para cada curso e ciclo, para cada currículo de centro, etc.

A tódolo anterior añadiremos que ,como está contemplado no artigo 5 do capítulo III do decreto 229/2011 a instalación docente debería garantir accesibilidade universal, non sendo así xa que o acceso realizase a traves de duas escalinatas sin agarradeiras laterais. Isto supón que os alumnos con dificultades de mobilidade ,como por exemplo os que utilizan muletas, teñan moitas dificultades para acceder ó ximnasio .

Nos casos nos que non se poida levar a cabo a aplicación do currículo non poderán ser considerados exentos, xa que se trata dunha materia obrigatoria, debendo o profesor elaborar a modificación e/ou adaptación curricular correspondente que favoreza a súa aprendizaxe e integración no grupo. Na avaliación o alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes a educación secundaria obrigatoria co adaptacións curriculares significativas, de acordó co artigo 14.4º do Decreto 133/2007, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

Outro problema mais frecuente nas clases de Educación Física e Deportiva e que non está contemplado habitualmente nas medidas de atención á diversidade, quizais porque non se ten en conta que esa diversidade, ou esas necesidades educativas especiais, poden ser non só temporais e de unha duración moi curta, senón que poden ser puntuais, de feito poden manifestarse en unha sesión na metade do curso e non volver a aparecer mais.

O que nós pretendemos solventar é a problemática á que aludimos: alumnos con lesións temporais que non poden levar a cabo a sesión dun xeito normal, pero cuxa motricidade non está totalmente afectada. De ahí que se lle poida propoñer un traballo alternativo que poida levar a cabo, a poder ser dentro do mesmo bloque de contidos. O conxunto deste traballo alternativo atopámolo descrito no TRABALLO ANTES CITADO, distribuído por bloques de contidos.

De calquera xeito, temos en conta tamén que hai casos nos que, por moi diversas causas, non exista esta posibilidade (imprevisibilidade da lesión, contraindicación total de esforzos, contidos totalmente aparte do convencional, etc.). Para isto, proponemos un listado de actividades alternativas a realizar por parte dos alumnos cando iso sucede.

12.1. LISTADO DE ACTIVIDADES ALTERNATIVAS PARA ALUMNOS QUE NON PODEN LEVAR A CABO A CLASE DE EDUCACIÓN FÍSICA

1. **Asistir a todas as clases**, o profesor terá en conta para a súa cualificación aspectos como a Asistencia, puntualidade, comportamento etc.
2. **Buscar bibliografía sobre a súa lesión** e que fagan un traballo de coñecemento anatómico, funcional e acerca do posible tratamento mediante educación física. A presentación pode ser en power point.
3. Colaborar co profesor na organización das clases, exercendo como axudante na toma de pulsacións, toma de tempos, resultados de test, resultados de liguillas de clase, arbitrxes etc.
4. **Facer un diário de clase** no que describa todo que se fai día a día ampliandoo con artigos, comentarios, fotos, etc.
5. Dirixir o quencemento.
6. Cubrir as follas de sesión sobre o desenvolvemento diario da clase cando non se requira a súa participación.
7. Dirixir os estiramientos da parte final.
8. Durante a clase que deseñe un adestramento da capacidade que se está traballando e que o día seguinte se faga esa clase.
9. Si a lesión é de tronco inferior, que faga exercicios adaptados como abdominais/INVERSA
10. Coller varios envases de diferentes comidas e que faga una tabla nutricional.
11. Grabar a sesión en vídeo, sacar fotografías... Axudar ó profesor a organizar a clase: facer grupos, repartir material...

12. Facer un caderno adaptado para esa unidade didáctica onde o alumno teña que facer unha serie de exercicios relacionados co tema.

13. Que ocupe o tempo en analizar o comportamento dos seus compañeiros en diferentes aspectos (disciplinario, motivacional, respecto ó tema específico que se trate, acerca do aproveitamento do tempo ...) mediante unha planilla deseñada polo profesor a tal efecto.
14. Preparar o material para o seguinte exercicio.
15. Recordar ós seus compañeiros a normativa básica dos deportes cando éstos estean a xogar.
16. Coavaliar ós compañeiros nas probas prácticas en colaboración co profesor.

Criterios de avaliación:

Como é lóxico, os criterios de avaliación están formulados en función dos obxectivos, sen que pretendamos levar a cabo unha cuantificación dos mesmos. Así pois, consideraremos a avaliación do alumno en función do grao de implicación que amose na consecución dos obxectivos marcados.

13. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVEN^{CA}

Os contidos que o currículo sinala como transversais, é decir que deben tratarse dende tódalas áreas e en toda a etapa, poden desenvolverse, como veremos practicamente na súa totalidade, dende o área de Educación física. Son os seguintes:

EDUCACIÓN PARA A PAZ

Un dos contidos actitudinais máis aplicado en todo o desenvolvemento curricular do área de Educación física é o da aceptación e o respecto da propia realidade (corporal y funcional), das diferencias cos demais (de capacidade, de eficiencia motriz e morfoloxía) e das normas (regras) e resultados (na competición).

Todos estes contidos aparecen no traballo da condición física, nos xogos e deportes (tamén para discapacitados) e na expresión corporal

O desenrolaremos xunto co bloque de contidos de habilidades específicas.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMIDOR

É un contido que desde a nosa área abrangue o relacionado cos aspectos sociais e económicos que rodean a actividade deportiva e o deporte na actualidade.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

En tódolos bloques de contidos aparecerá este contido transversal xa que constitúe un nexo común a toda a Educación Física. Trataremo-lo con máis especificidade relacionandoo coa condición física, e tratando aspectos como a alimentación, a hixiene, e o consumo de sustancias perxudiciais para a saúde.

EDUCACIÓN PARA A CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE

O bloque de contidos de "habilidades específicas no medio natural", trata unha serie de conceptos, procedimentos e actitudes directamente relacionados coas actividades físicas que se levan a cabo na natureza. Polo tanto, o coñecemento do medio e a súa

vulnerabilidade, as técnicas adecuadas para «utilízalo» e as normas para a súa conservación, impartíranse ó tratar estes temas.

De igual maneira, aparecen aspectos da educación medioambiental a medida que se desenvolven contidos deportivos, de condición física, xogos, etc., en canto á utilización do entorno escolar, á manipulación do equipamento e o cumprimento das normas de seguridade e prevención de accidentes.

EDUCACIÓN VIAL

Aparecerá con aqueles contidos como son as actividades na natureza, nos que o/a alumno/a debe desenvolverse por un medio determinado, respetando unhas normas básicas de seguridade.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE AMBOS SEXOS

Constitúe tamén un contido presente en todo momento nas sesións de educación física, e sobre o cal o docente intentará incidir a través do control daquelas variables que máis inciden na transmisión dun curriculum oculto sexista: comunicación oral, tipo de contidos a traballar, comportamentos valorados, exemplificacións con alumnos/as, demostracións...

Con todo elo intentaremos que os estereotipos sexistas presentes na sociedade e con elo, na educación, non sexan reforzados nesta materia. Para elo, non buscamos unha situación de igualdade de comportamentos entre ambos sexos, senon valorar as características de cada un na súa xusta medida. Isto supón un intento de integración dos valores masculinos e femininos, no cal ambos sexos deben compartir as actividades propias de cada un deles, posibilitando así que poidan destacar todos/as.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN A O PLAN T.I.C DO CENT^{RO}

ACTUACIÓNS PREVISTAS

Videos dos diferentes bloques de contidos:

- Como introducción as unidades didácticas.
- Como introducción as sesións
- Durante as sesións, intercalada coas diferentes tarefas, como reforzo da información.

Grabación en video:

- O final da unidade didáctica, para a valoración do resultado.
- Durante as sesións para aportar información que permita a retroalimentación no alumnado.
- Nas exposicións dos traballos escritos para permitir una mellor valoración do traballo presentado

Acadamos con estas actuacións que a imaxe se convirta nunha axuda metodolóxica importante nas nosas sesións, pois o feedback establecido acompáñase dunha actividade motriz sen retardo nin influencias.

Utilización das TIC para a búsqueda de información teórica por parte do alumnado (reglamentos, ...)

Utilización das TIC para o tratamento dos datos obtidos na clase (frecuencia cardíaca, resultados de tests,...) realizando cálculos e elaborando gráficos co programa informático axeitado.

Utilización das TIC para as presentacións-exposicións de traballos de clase.

Utilización da aula virtual: Para subir traballos, acceder a apuntes do trimestre, cubrir enquisas, subir videos elaborados por eles, etc

NO CURSO DI NO PAVILLÓN DE A
RES.
ESTA ERA UNA PETICIÓN QUE TEMPO E QUE
DADE

15. RECUPERACIÓN E SEGUIMIENTO A ALUMNOS/AS COA ÁREA DE E.F. SUSPE

NSA

Os alumnos que non cumpran os criterios de promoción pero pasen ó seguinte nivel por idade ou segunda repetición, deberán realizar actividades de recuperación, ó longo do seguinte curso, consistentes en:

Presentación dos traballos pendentes do ano anterior

Práctica de actividades realizadas no ano anterior. Si non fora posible polo horario escolar veríase a posibilidade de contabilizar a súa participación nas actividades deportivas do recreo.

Contestación a preguntas sobre conceptos vistos no curso anterior

Utilización da aula virtual para: Buscar a información, descargar apuntes, subir traballos etc

Por considerarse que se trata dunha materia con contidos progresivos, realizarase unha avaliación continua no curso no que está matriculado o alumnado.

Así mesmo respétase o dereito do alumnado a realización de probas

16. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregamos todo aquel material que chega ás nosas mans como artigos de periódicos, apuntes feitos por nos, fichas de control, etc.. se ben é certo que non temos por costume empregar libros de texto, recomendamos seguir os libros de texto de , para todos os niveis da Eso e Bacharelato os manuais de Editorial Serbal.

Así mesmo para aqueles alumnos que non superen os coñecementos e procedementos en

xuño, deberán facer tarefas que aparecen en ditos libros ademáis de as correspondentes que o profesor indique lle recomenden a través da aula virtual .

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

17.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

A práctica docente ha de ser revisada periódicamente. Para iso utilizaranse diversos procedementos e instrumentos que nos proporcionarán información achega de si o alumno está progresando positivamente na súa aprendizaxe, ou si pola contra, estanse observando desaxustes que requiran introducir novas modificacións. Vexamos agora os indicadores para avaliar a práctica docente:

17.1.1. Indicadores de logro da practica docente

Avaliar a práctica docente:

a

	1	2	3	4
1.Explicar, como norma xeral,para todo o alumnado	1	2	3	4
2.Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise	1	2	3	4
3.Elaborar actividades atendendo á diversidade				

5.Combinar o traballo individual co traballo en equipo
6.Incorporar as TIC aos procesos de ensino aprendizaxe
7.Prestar atención aos elementos transversais
8.Correxir de forma rápida os traballos e as probas
9. Debater cos alumnos sobre a corrección das probas e traballos
10.Adecuar os apois e reforzos aos estándares de aprendizaxe
1 Indica logro mínimo ou inexistente;2, logro baixo;3, logro importante; e 4, o logro total dexesado

Si queremos escapar da simple valoración do alumnado dentro do proceso de avaliación e chegar a un concepto algo mais evolucionado será preciso estudar por unha banda a avaliación do proceso de aprendizaxe (para emitir un xuízo sobre o grado de adquisición real da aprendizaxe do alumnado) e por outro, a avaliación do proceso de ensino (cuxo obxectivo é prover a mellor intervención educativa para suscitar as “condicións ideais de ensino

”).De seguido expónse unha táboa cos indicadores de logro para valorar este proceso:
De seguido expónse unha táboa cos indicadores de logro para valorar este proceso:

17.1.2. Indicadores de logro do proceso de ensino

	1	2	3
41.Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado			
un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe			2.Crear
1.Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado	-----	-----	2.Crear
un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe			
2.Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe			
3.Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado	-----	-----	
4.Coseguir a participación activa de todo o alumnado			
5.Contar co apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado	-----	-----	
6.Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado	-----	-----	7.Atender
axeitadamente á diversidade do alumnado			
7.Atender axeitadamente á diversidade do alumnado			
8.Utilizar distintos instrumentos de avaliación			
9.Valorar realmente a			
10.Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado			

1 Indica logro mínimo ou inexistente;2, logro baixo;3, logro importante; e 4, o logro total dexesado

17.2. CTICA

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁ

17.2.1. Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da programación didáctica

A programación didáctica será revisada cada trimestre durante as reunións periódicas que leva acabo o departamento.Durante as mesmas vemos si se cumpriron os contidos programados, valoramos a necesidade de amplialos ou reducilos e como facelo si o consideramos necesari

17.2.2. necesidade de realizar modificacións nela

Indicadores do grao de desenvolvemento da programación e da necesidade de realizar modificacións nela	1	2	3	4
1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas				
2.- Respetar o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
3. Optimizar o uso das instalacións.				
4.Seguir una estratexia metodolóxica común en todo o departamento				

5.Utilizar todos os materiais didácticos previstos				
6.Respectar o plan de avaliación inicial				
7.Respectar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua				
8.Repectar os criterios establecidos para as recuperacións				
9.Respectar os criterios establecidos para a avaliación final				
10. Respectar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria				
11.Repectar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentas				
12.Establecer medidas de atención a diversidade cando sexan necesarias				
13.Informar ao titor/ra das dificultades na aprendizaxe do alumnado				
14.Realizar as actividades complementarias previstas				
15.Informar as familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos (AULA VIRTUAL)				
16.Informar as familias sobre os criterios de promoción (AULA VIRTUAL)				
17.Integrar as tic no desenvolvemento da materia				
18.Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación				
1 Indica logro mínimo ou inexistente;2, logro baixo;3, logro importante; e 4, o logro total dexesado				

18. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR LOMCE BACHARELATO

No marco da LOMCE, o bacharelato ten como finalidade proporcionar o alumnado formación, madurez intelectual humana, coñecemento y habilidades que lles permitan desenrrolar funcións sociais e incorporarse a vida activa con responsabilidade e competencia. Asimesmo, capacitará ao alumnado para acceder a educación superior.

18.1. Adquisición das competencias

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1º Comunicación lingüística.
- 2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3º Competencia dixital.
- 4º Aprender a aprender.
- 5º Competencias sociais e cívicas.
- 6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7º Conciencia e expresións culturais.

Botamos en falta uha competencia que reflicta o que ocupa a nosa materia: a motricidade humana, o corpo en movemento relacionándose co medio.

Procurase potenciar o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e o sentido de iniciativa e espírito emprendedor**. No ostante, o resto de competencias tamén están desenvolvidas en maior ou menor grado en cada unha das unidades.

Para valorar os resultados de aprendizaxe, concréntanse os estándares de aprendizaxe evaluables, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias crave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

A materia Educación Física utiliza **unha terminoloxía específica** que permitirá aos alumnos e ás alumnas incorporar esta linguaxe e os seus termos para utilizalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade

A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son desenvolvidas nos cálculos relacionados coa resolución de fórmulas, o cálculo do gasto ou consumo energético.

A competencia dixital desenvólvese a través da utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe dalgúns contidos das unidades.

A adquisición de **competencia para aprender a aprender** se fundamenta nesta asignatura no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Esta asignatura favorece nun alto grado o traballo en grupo para a resolución de actividades, a creación de nova propostas, a autogestión e fomenta o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións e capacidades dos demais, o que contribúe á adquisición das competencias sociais e cívicas

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor require a elección de recursos adecuados, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias. O traballo que se realiza nas diferentes unidades

potencia o sentido de decisión no alumnado á vez que provoca a necesidade de resolver novas situacións para seguir aprendendo.

O desenvolvemento **da conciencia e expresións culturais** ponse de manifesto nas diferentes expresións de carácter artístico que o alumnado ten que levar a cabo (coreografías ou performances) así como na análise crítica que se promove en relación a actitudes, sentimentos e valores que rodean á actividade físico-deportiva.

18.2. Perfil competencial da e

tapa

Curso	CCL	CMCCT	CD	CCAA	CSC	CSIEE	CCEC	Total
1ºBacharelato	1	2	1	2	4	3	1	14

18.3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE BACHARELATO

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar una madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nua ou mais linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia as tecnoloxías da información e da comunicación

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- ñ) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

18.4. OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA

- No Bacharelato, a materia de Educación Física e Deportiva continúa coa progresión das aprendizaxes das etapas anteriores, favorecendo no alumnado a adquisición de competencias relacionadas coa planificación da súa propia actividade física como a autogestión e a autonomía. Ditas competencias permitiránlle alcanzar un estilo de vida activo, con prácticas físicas seguras, hixiénicas e saudables. Así, as competencias relacionadas coa saúde serán un eixo de actuación primordial tanto no desenvolvemento da condición física como no resto de actividades motrices. Neste sentido, consolidaranse hábitos responsables de actividade física regular e adoptaranse actitudes críticas ante prácticas individuais, grupais e sociais non saudables.

-A acción motriz alcanzará un grao de complexidade superior aos cursos anteriores e perseguirá diferentes obxectivos, distinguíndose desde o propio rendemento da actividade, a recreación ou a representación expresiva. A competencia motriz debe permitir saber que facer, como facelo, cando e con quen en función dos condicionantes cambiantes da contorna.

- A materia contribuír á madurez do alumnado fomentando o seu desenvolvemento persoal e social a través da propia práctica e da reflexión crítica da mesma, promovendo situacións de goce pola práctica, de emprendimento e de relación cos demais.

A Educación Física debe á súa vez desenvolver propostas que profundicen en diversos elementos transversais, como a dieta equilibrada e toda aquela información relacionada co coñecemento e prevención das enfermidades de orixe cardiovascular. Tamén se incidirá sobre os aspectos transversais relacionados co traballo en equipo, o xogo limpo, o respecto das normas, a seguridade viaria, o desenvolvemento sustentable e a seguridade na práctica da actividade física e o deporte.

19. BLOQUES DE CONTIDOS. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN. 1º Bacharelato

O desenvolvemento dos contidos nesta programación de Educación Física de 1.º de Bacharelato segue as directrices xerais establecidas na actualidade pola administración educativa. Os contidos adáptanse ás capacidades dos alumnos e das alumnas que inician esta etapa.

Os contidos de cada unidade achegan no seu conxunto unha visión global dos obxectivos que persegue a Educación Física, desenvolvéndose todo tipo de actividades e propostas (individuais, por parellas e en grupo) e ofrecéndose unha ampla gama de recursos que axudarán ao alumnado a comprender os distintos contidos desenvolvidos en cada unidade.

Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:

Bloque 1. Contidos común

Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas

Bloque 3. Actividade física e saúde.

Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.

Os contidos do **bloque 1 común**, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

O **bloque 2** trata os contidos que teñen que ver coa interpretación e a execución de acción motrices, utilizando técnicas de expresión corporal, baile e outros recursos artísticos.

O **bloque 3** inclúe todos os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, seguindo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico.

No **bloque 4** de Xogos e as actividades deportivas tamén están incluídos todos os tipos de actividades físico-deportivas desenvolvidas no medio natural.

19.1.1. Criterios de avaliación, estándar de aprendizaxe, mínimos e competenc

ias

Bloque 1 Contidos comúns-		1ºBACHARELATO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Compete
B1.1 Valorar a actividade física desde a perspectiva da saúde, a satisfacción, a autosuperación e as posibilidades de interacción social e de perspectiva profesional, adoptando actitudes de interese, respecto, esforzo e cooperación na práctica da actividade física.	EFB1.1.1 Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios. EFB1.1.2 Adoptar una actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas.	1.1.1- Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando tódolos aspectos. 1.1.2 Adoptar una actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde	CSC
B1.2. Controlar os riscos que pode xerar a utilización dos equipamentos, o contorno e as propias actuacións na realización das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, actuando de forma responsable no seu desenvolvemento, tanto individualmente como en grupo	EFB1.2.1. Prevé os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e do grupo. EFB1.2.2 Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas. EFB1.2.3. Ten en conta o nivel de cansazo como un elemento de risco na realización de actividades que requiren atención ou esforzo	1.2.1 Prevé e ten en conta os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e do grupo	CSIEE
B1.3 Amosar un comportamento persoal e social responsable respectándose a si mesmo/a, ás outras persoas e o contorno, no marco da actividade física	EFB.1.3.1. . Respecta as regras sociais e o contorno en que se realizan as actividades físico-deportivas. EFB.1.3.2. . Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.	1.3.1 Respecta as regras sociais e o contorno no que se realizan 1.3.2. Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo	CSC
B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.	EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia EFB1.4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión.	 1.4.1 Utiliza as ferramentas tecnolóxicas para mellorar o aprendizaxe	CD CCL

19.1.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxetivos

Bloque.1 Contidos comúns		1º Bacharelato	
Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo	Obx
B1.1. Actividade física como recurso de lecer activo: efectos sobre a saúde e como fenómeno sociocultural.	1.1 Diferenciar a actividade física informal e o exercicio físico 1.2. Valorar positivamente a incorporación da actividade física regular o seu modo de vida como un hábito máis .	1º Trime U.D:1	b,c i,m o,p
B1.2. Saídas profesionais	1.2 Charla, vídeo ,ca información das saídas tanto a nivel de FP, coma na formación universitaria	1º Trime U.D:1	b,c i,m o,p
B1.3. Prevención dos elementos de risco asociados ás actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, ao contorno, á fatiga e aos materiais e os equipamentos.	1.3 Informar aos alumnos-as dentro dos contidos de tódalas unidades didácticas sobre as precaucións a ter en conta a hora da utilización e manexo do material e as instalacións.	Todas as U.D.	a,b c,h m,n o,p
B1.4. Actividades físico-deportivas: regras sociais e contorno.	1.4 Participación nas actividades artístico-expresivas programadas e nas competicións recreativas dos deportes practicados	U.D 5,2,3	a,b, c,h,m,o, p
B1.5. Integración social nas actividades físico-deportivas.	1.5 Aproveitar as situacións de práctica de actividade física e deportiva para a transmisión de valores educativos que promovan a tolerancia, a igualdade e o respecto entre todas as persoas. Neste sentido reviste especial importancia o fomento de actividades deportivas superando os estereotipos de	Todas as U.D	a,b c,h m,o p
B1.6. Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo e de cooperación.	Aproveitar as situacións de práctica de actividade física e deportiva para a transmisión de valores educativos que promovan o, a superación persoal, e a cooperación,	Todas as U.D.	a,b c,h m,o p
B1.7. Xogo limpo como actitude social responsable	Actividades de xogos Actividades de floorball. Actividades Badminton	U.D.1, 2,3	a,b c,h m,o p
B1.8. Emprego das tecnoloxías axeitadas para a obtención e o tratamento de datos, para a procura, a selección e a crítica de información sobre a materia, e para a comunicación de proxectos, resultados e conclusións de traballos.	Utilización das novas tecnoloxías para o desenvolvemento dos coñecementos relacionados coa área de educación física e a saúde	Todas as U.D.	b,d e,f g,l m,o

19.1.3. Estándare de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e metodoloxía

BLOQUE 1. Contidos comúns		1º Bacharelato
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	
EFB1.1.1. Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios.	Observación Proba escrita	
EFB1.1.2. Adopta unha actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas.	Debate Lista de control	
EFB1.2.1. Prevé os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.	Observación directa Actitud incluír na nota de clase	
EFB1.2.2. Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas.	Observación Incluír na nota de clase	
EFB1.2.3. Ten en conta o nivel de cansazo como un elemento de risco na realización de actividades que requiren atención ou esforzo.	Lista de control Observación	
EFB1.3.1. Respecta as regras sociais e o contorno en que se realizan as actividades físico-deportivas.	Lista de control	
EFB1.3.2. Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.	Lista de control	
EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.	Lista de control	
EFB1.4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión.	Lista de control	
METODOLOXIA: En función dos aspectos ou actividades a desenvolver, buscando una progresiva autonomía por parte do alumno.		

19.2.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos e competencias

ias

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS 1º BACHARELATO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Comp.
B.2.1 Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con orixinalidade e expresividade, aplicando as técnicas máis apropiadas á intencionalidade da composición.	EFB2.1.1. Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas.	2.1.1 Representación de coreografías grupais de bailes de salón.	CCEC
	EFB2.1.2 Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo	2.1.2 Realiza mediante a aplicación de técnicas básicas de bailes de salón, reproducións artísticas sinxelas	CCEC

19.2.2. Contidos, actividades de aprendizaxe, temporalización e obxetivos

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTISTICO-EXPRESIVAS 1º BACHARELATO

Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporal	Obxe
B2.1. Composicións individuais e colectivas nas actividades físicas artístico-expresivas.	2.1.1.- O baile deportivo. Tipos de bailes deportivos 2.1.2 O cha cha cha. Paso básico. Diferentes combinacións de desprazamentos utilizando o paso básico. 2.1.3 O cha cha cha. Paso cruzado adiante e atrás. Cuartos de xiro en parella. Xiro de ela. 2.1.4 O merengue. A bachata. Paso básico. Xiros en parella. Creación de xiros. Desprazamentos 2.1.5 A salsa. O paso básico 2.1.6 O merengue. Demostración didáctica de xiros creados cós compañeiros. Repaso de tódolos pasos de tódolos bailes que vimos 2.1.7 O rock and roll.Paso básico.Xiros.Desprazamentos 2.1.8 O jive 2.1.9. Fase de creación e composición de coreografías por grupos.A modalidade a escolle o grupo así como a música podendo facer nunha composición varias modalidades	Final do 2º trimestre e TODO o 3º Trimestre U.D. 5	b d m n o q

19.2.3. Estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e metodoloxía

BLOQUE 2 ACTIVIDADES FÍSICAS ARTISTICO-EXPRESIVAS 1º BACHARELAT

OEstándares de Aprendizaxe Instrumentos de avaliación

Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
EFB2.1.1 . Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas.	Observación Rúbricas
EFB2.1.2 Representa composicións ou montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas, axustándose a unha intencionalidade de carácter estética ou expresiva.	Traballos prácticos Rúbricas
EFB2.1.3 Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo.	Observacións
Metodoloxía: A intervención docente debe ir dirixida a conseguir a máxima participación e implicación do alumnado na actividade. En xeral comenzaremos con estilos de ensinanza tradicionais baseadas na técnica de ensinanza por Instrucción directa ou Reproducción de Modelos para os primeiros pasos e explicacións, finalizando con estilos que promovan a creatividade	persoas

19.3.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos e competenc

ias **BLOQUE 3- ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

1º

BACHARELATO

BLOQUE 3- ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

1º BACHARELATO

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos	Comp
<p>B.3.1. Mellorar ou manter os factores da condición física e as habilidades motoras cun enfoque cara á saúde, considerando o propio nivel e orientándoos cara ás súas motivacións e cara a posteriores estudos ou ocupacións.</p>	<p>EFB3.1.1. Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física e saúde.</p> <p>EFB3.1.2 Incorpora na súa práctica os fundamentos posturais e funcionais que promoven a saúde.</p> <p>EFB3.1.3 Utiliza de forma autónoma as técnicas de activación e de recuperación na actividade física.</p> <p>EFB3.1.4. Alcanza os seus obxectivos de nivel de condición física dentro das marxes saudables, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades</p>	<p>3.1.1 Comprende e alcanza os coñecementos tratados na clase nos programas de actividade física para a mellora da condición física e a saúde</p> <p>3.1.3 Realiza un quencemento e recuperación acordes a actividade física realizada</p>	<p>CMCCT</p>
